

# INFORME: ESTUDO EXPLORATORIO DA TRATA DE PERSOAS EN GALICIA





INFORME  
ESTUDO EXPLORATORIO  
DA TRATA DE PERSOAS  
EN GALICIA

Este estudo foi realizado no marco do proxecto internacional *ITINERIS: “Protección dos dereitos das persoas migrantes contra a explotación, de Brasil cara á Unión Europea”*, liderado polo Centro Internacional para o Desenvolvemento de Política Migratoria (ICMPD ), e en colaboración coa Comissão para a Cidadanía e Igualdade de Género (CIG) do Goberno de, Portugal, coa Secretaría Nacional de Justiça do Ministério de Justiça de Brasil, co Conselho Nacional de Imigração do Ministério do Trabalho e Emprego de Brasil, coa Policía Federal Brasileira e coa Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.

**Autora:**

Silvia Pérez Freire  
Socióloga

**Edita:**

XUNTA DE GALICIA  
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,  
Administracións Públicas e Xustiza  
Secretaría Xeral da Igualdade

**Depósito legal:**

C-2120-2013

**Maquetación e impresión:**

ográfico

En xuño do ano 2011, e cunha duración de tres anos, arrancou o proxecto *ITINERIS: Protección dos dereitos da persoas migrantes contra a explotación, de Brasil cara á Unión Europea*, un proxecto aprobado pola Comisión Europea dentro da convocatoria do Programa temático de cooperación con terceiros países nas áreas de migración e asilo, dirixido polo Centro Internacional para o Desenvolvemento de Política Migratoria (ICMPD), con sede en Viena, e no que os gobernos de Brasil, Portugal e Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, xunto co ICMPD, participan como socios.

O proxecto ten como obxectivo xeral a protección dos dereitos das persoas migrantes, especialmente contra a explotación e a trata de seres humanos, intentando ademais previr a migración irregular a través de campañas de información in situ –no país de orixe, Brasil-, mellorar a capacidade das administracións estatais para loitar contra a trata de seres humanos, e fortalecer a cooperación nacional e internacional no terreo da trata de persoas.

A Xunta de Galicia participa no programa dende varias perspectivas, sendo unha delas a elaboración dun estudo sobre o fenómeno na trata de mulleres nas nosas fronteiras, as razóns para a súa migración, os dereitos das persoas migrantes –legais e ilegais-, a protección dese dereitos no territorio e as necesidades das mulleres migrantes. O estudo que ten nas súas mans é o resultado dese traballo.

A participación da Xunta de Galicia no proxecto ITINERIS responde á preocupación do goberno galego ante a gravísima violación dos dereitos fundamentais que constitúe a trata de seres humanos, un novo xeito de escravitude en pleno século XXI, e unha das manifestacións máis crueis da violencia contra as mulleres.

No *VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes: Estratexia 2013-2015*, xa se establece como un obxectivo específico o de outorgar unha atención integral e específica ás mulleres vítimas da trata de seres humanos, fundamentalmente ás que o son con fins de explotación sexual, sendo ademais Galicia pioneira na implicación da Administración autonómica na loita contra esta lacra, coa sinatura en xaneiro de 2010, do Protocolo entre a Fiscalía Superior de Galicia e a Xunta de Galicia sobre a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual. As últimas reformas lexislativas no marco do Estado español e o vixente Protocolo marco de protección das vítimas de trata de seres humanos, configuran un impulso vital na persecución deste delito e no apoio e protección das súas vítimas.

O presente estudo pretende dar luz e mellorar as actuacións de todas as instancias implicadas na loita en contra da trata de seres humanos e contribuír a sumar esforzos para impulsala. Amosa tamén o compromiso de todos os socios no proxecto ITINERIS en contra desta vulneración dos dereitos máis elementais da persoa, que a reduce a simple mercadoría e a despoxa da súa dignidade, e quere contribuír cunha pequena achega á concienciación social e institucional sobre este delito

Dende a Xunta de Galicia agradecemos a colaboración de todas as persoas e institucións que fixeron posible a elaboración deste estudo: a dos nosos socios no proxecto ITINERIS, a das ONG especializadas, a do persoal das forzas e corpos de seguridade, da Fiscalía, da xudicatura, dos Concellos, e sobre todo a desas vítimas invisibles que coa súa testemuña contribúen a achegarnos a unha realidade coa que convivimos diariamente sen acabar de percibila na súa totalidade; Agardamos que entre todas as institucións sexamos capaces de garantir o apoio que precisan para recuperar a liberdade e dignidade perdidas, e incrementar a conciencia social no combate contra este crime.

***Alfonso Rueda Valenzuela***  
Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,  
Administracións Públicas e Xustiza

***Susana López Abella***  
Secretaria xeral da Igualdade

# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E MARCO NORMATIVO	9
2. OBXECTIVOS E METODOLOXÍA	21
3. ANÁLISE DOS RESULTADOS: estrutura antitrata	29
3.1 Aproximación estatística da situación rexistrada de trata	29
3.2 Resultados e principais achados nas entrevistas e grupos	41
3.2.1 As entrevistas:	
A indefinición legal e as características do fenómeno en Galicia	41
As dificultades: identificación, asistencia e protección á persoa vítima	45
As melloras: o camiño que se debe seguir.	49
3.2.2 Os grupos de diagnóstico.	
O cuestionario preliminar	52
Os grupos: características e a resposta institucional	55
3.2.3 Víctimas e presuntas vítimas de trata	
O proxecto migratorio: necesidade e ilusión (captación/traslado/explotación)	63
Permanencia e saída da situación de trata: a denuncia	68
4. CONSIDERACIÓNS FINAIS E RECOMENDACIÓNS	71
5. BIBLIOGRAFÍA	77
6. ANEXOS:	79
6.1 Anexo 1: DDHH afectados pola trata de persoas	79
6.2 Anexo 2: Guións de entrevistas e grupos	85
6.3 Anexo 3: Operación Carioca (trata sexual) y Operación Peregrino (trata laboral)	90





# APARTADO 1: INTRODUCCIÓN E CONTEXTO NORMATIVO

## 1.1

### Consideracións iniciais. Enfoque de DDHH e de xénero

A trata de persoas é un fenómeno que pon de manifesto a actividade criminal de maior crecemento no mundo de entre todas as formas de delincuencia organizada e o seu crecido interese pode explicarse a partir da propia natureza do fenómeno que poderíamos definir como “policontextual”<sup>1</sup>, é dicir, dotado de textura e polo tanto da compaxinación diferenciada e plural de varios contextos. A isto hai que engadir o seu dinamismo e adaptabilidade, o que converte en tremendamente dificultoso o labor de prevención e persecución dos organismos encargados en facer cumprir a lei. Así mesmo, a actual conxuntura de globalización económica, a apertura de fronteiras interiores na Unión Europea e a demanda de man de obra barata no marco do espazo Shengen potenciou o tráfico de persoas (un dos contextos posibles de trata aínda que non necesario) e isto dentro dun marco de procesos migratorios internacionais cada vez máis acrecentado. Outros elementos que se deben ter en conta é que a trata de persoas afecta de forma especial os países desenvolvidos e dentro destes a poboación máis desprotexida: inmigrantes en situación irregular (Giménez-Salinas; Susaj; Requena, 2009). Este desaxuste actual entre a oferta e a demanda migratoria propiciou o desenvolvemento de medidas cada vez máis restritivas e selectivas no acceso ao territorio dos países de acollida e que esixe entrar en novas dinámicas transnacionais que fomenten a cooperación internacional consensuando e unificando a resposta institucional.

Derivado deste carácter policontextual e das diferentes vertentes existentes podemos partir de enfoques o suficientemente consensuados e inequívocos que nos fagan estruturar/ordenar axeitadamente a nosa posición respecto á trata de persoas. Deste modo, os discursos institucionais e de expertos coinciden en sinalar a habitual confluencia de reflexións entre a perspectiva dos dereitos humanos e a de xénero (García Cuesta; López Sala; Hernández Corrochano; Mineral Martínez, 2011) porque as dúas xeran conclusións e propostas similares para combater a trata de persoas e posúen unha visión integradora onde se outorga prioridade á vítima con independencia da súa condición de irregularidade, procedencia, xénero, idade, etc. ademais de definir e caracterizar o fenómeno social. Debemos sinalar que normalmente se priorizan outros enfoques e as prácticas de moitos países (incluído España) outorgan maior relevancia ao control da migración ilegal e o crime organizado vinculados ao tráfico que á protección dos dereitos fundamentais das vítimas (Konrad: 2008). Non é tarefa doada aínda que se traballa en minimizar estes efectos. Atopámonos ante un fenómeno complexo e que require de medidas que vaian máis alá de accións a curto prazo, tanto no que se refire á protección das vítimas coma á persecución dos criminais. A trata é unha expresión máis, moi cruel, da necesidade de cambios globais en moitos aspectos: a distribución do traballo, os recursos e a saúde, as raíces da explotación, o abuso e a desigualdade social.

<sup>1</sup> Termo acuñado por Niklas Luhmann na súa definición de Sociedade e os sistemas que a conforman. (Luhmann, 2006).

Estas consideracións tamén poñen de manifesto no informe realizado pola Oficina do Alto Comisionado para os Dereitos Humanos de Nacións Unidas relativo aos principios e directrices recomendadas sobre DDHH e trata de persoas (NU, 2010) no que fai referencia aos dereitos humanos afectados pola trata de persoas<sup>2</sup>. Sinálanse como grupos especiais de vítimas as mulleres, os nenos, os migrantes, e os traballadores migrantes, os refuxiados, solicitantes de asilo e desprazados internos así como as persoas con minusvalidez. Varios informes documentaron as numerosas formas en que as medidas contra a trata de persoas poden interferir cos dereitos establecidos (Global Alliance Against Trafficking in Women, 2007) e de aí a necesidade de abordalo dende un enfoque baseado nos dereitos humanos que implica esencialmente a adopción de medidas garantistas nos procedementos para previr, vixiar e corrixir estes posibles “danos colaterais”<sup>3</sup> e dende unha perspectiva de xénero coa incorporación desta categoría analítica no tratamento das situacións de discriminación social en xeral e na trata en particular (que afectan de xeito máis agudizado e de forma máis concreta as mulleres que aos homes, independentemente da súa posición xeracional ou situación social)<sup>4</sup>. A isto hai que engadir a inexistencia de datos unívocos sobre a dimensión de trata de persoas, característica á que se fai mención en todos os estudos derivados da disparidade de criterios definitorios e metodolóxicos á hora de identificar e rexistrar as vítimas. Iso non debe impedirnos ofrecer os datos rexistrados por parte de organismos oficiais que ofrecerán, iso si, unha visión parcial da realidade pero que nos axudará a coñecer a repercusión socioeconómica do fenómeno.

#### ALGUNHAS CIFRAS:

Os datos preliminares recollidos polos Estados membros a nivel da UE parecen coincidir cos subministrados por organizacións internacionais tales como a Oficina das Nacións Unidas contra a Droga e o Delito (UNODC), que demostran que tres cuartas partes das vítimas identificadas nos Estados membros caen en redes de trata de seres humanos para a súa explotación sexual (76% en 2010). O resto das vítimas de trata de seres humanos vense forzadas á explotación laboral (14%), exercer a mendicidade (3%) e á servidume doméstica (1%).

Por sexos, os datos preliminares dispoñibles mostran que as mulleres e as nenas son as principais vítimas de trata de seres humanos. As mulleres representaron o 79% (do que o 12% son nenas) e os homes o 21% (do que o 3% son nenos) das vítimas rexistradas entre 2008 e 2010.

*Fonte: Comisión Europea, Bruxelas 19 de xuño de 2012  
Comunicado de Prensa)*

*Ver en: [http://europa.eu/rapid/press-release\\_IP-12-619\\_es.htm](http://europa.eu/rapid/press-release_IP-12-619_es.htm)*

#### Viñeta 1

- <sup>2</sup> No anexo 1 faise referencia aos dereitos humanos implicados en trata de persoas, os que atinxen particularmente ás mulleres e aos nenos/ás.
- <sup>3</sup> Este perigo foi recoñecido tamén polos órganos de dereitos humanos creados en virtude de tratados das Nacións Unidas, a relatora especial sobre a violencia contra a muller e o relator especial sobre trata de persoas.
- <sup>4</sup> Cara a finais de 2012, UNODC (Oficina das Nacións Unidas contra a Droga e o Delito) publicará un novo informe mundial sobre trata de persoas baseado na información obtido dos Estados membros e no que se poderá avaliar e comparar os resultados co seu anterior traballo realizado no 2009 (saberemos se cambiaron as tendencias dende a última recompilación mundial de datos). Neste informe faise referencia ao perfil das vítimas identificadas polas autoridades estatais en 61 países. Faise referencia a que: “Ainda que é probable que a explotación laboral e as vítimas de sexo masculino estea infradetecteda, é real a gran proporción de mulleres vítimas da explotación sexual en todas as rexións, mesmo nos países en que se descubren rutineiramente outras formas de trata” (UNODC, 2009). Resumo executivo en español de consulta en: [http://www.unodc.org/documents/human-trafficking/TIP\\_Executive\\_summaries.pdf](http://www.unodc.org/documents/human-trafficking/TIP_Executive_summaries.pdf). O informe completo, “Global Report on Trafficking in Persons” en: [http://www.unodc.org/documents/human-trafficking/Global\\_Report\\_on\\_TIP.pdf](http://www.unodc.org/documents/human-trafficking/Global_Report_on_TIP.pdf)

## 1.2

## Definición e aclaracións

A definición de trata aparece recollida en diversos instrumentos internacionais, a máis aceptada está estipulada na Convención das Nacións Unidas contra a delincuencia organizada transnacional e o seu protocolo complementario coñecido como Protocolo de Palermo: Protocolo para previr, suprimir e castigar a trata de persoas, especialmente de mulleres e nenos, que foi ratificado por España no ano 2003 así como no Convenio europeo contra trata de seres humanos, de maio de 2005, tamén ratificado e asinado polo Estado español.

- (a) Por "trata de persoas" entenderase a captación, o transporte, o traslado, a acollida ou a recepción de persoas, recorrendo á ameaza ou ao uso da forza ou outras formas de coacción, ao rapto, á fraude, ao engano, ao abuso de poder ou dunha situación de vulnerabilidade, ou á concesión ou recepción de pagamentos ou beneficios para obter o consentimento dunha persoa que teña autoridade sobre outra, con fins de explotación. Esa explotación incluírá, como mínimo, a explotación da prostitución allea ou outras formas de explotación sexual, os traballos ou servizos forzados, a escravitude ou as prácticas análogas á escravitude, a servidume ou a extracción de órganos;
- (b) O consentimento dado pola vítima de trata de persoas a toda forma de explotación intencional descrita no apartado (a) non se terá en conta cando se recorra a calquera dos medios enunciados no devandito apartado;
- (c) A captación, o transporte, o traslado, a acollida ou a recepción dun neno con fins de explotación considerarase «trata de persoas» mesmo cando non se recorra a ningún dos medios enunciados no apartado (a) do presente artigo; e
- (d) Por «neno» entenderase toda persoa menor de 18 anos.

*Convención das Nacións Unidas contra a delincuencia organizada transnacional e o seu protocolo complementario Protocolo para previr, reprimir, e sancionar a trata de persoas, Especialmente Mulleres e Nenos, Nova York, 2000, Artigo 3. Ver: [https://www.unodc.org/pdf/crime/commissions/12\\_commission/5s.pdf](https://www.unodc.org/pdf/crime/commissions/12_commission/5s.pdf)*

## Viñeta 2

É importante aclarar varios puntos respecto á definición do protocolo dado que aínda que existe un amplo consenso en utilizar esta definición como punto de partida as formas de operativizalas e o xeito de entender certos aspectos varían considerablemente entre países e mesmo entre os propios organismos internacionais (García Cuesta; López Sala; Hernández Corrochano; Mineral Martínez: 2011).

1. Faise mención aos tres elementos necesarios para a existencia de trata: Accións (recrutar, transportar,...), Medios (ameaza, coacción, fraude, ...) e Explotación de destino (prostitución, traballos forzados...). Deste xeito, segundo UNODC para que exista trata de persoas ten que darse polo menos un elemento de cada unha das tres partes da definición. Por outra banda, o grupo de expertos en trata da UE (GRETA) indican que a definición debe centrarse no resultado de explotación sexual ou laboral xa que todos os demais elementos son "preparatorios" destes actos de explotación. En calquera caso, o propósito da explotación aínda que esta non chegue a producirse basta para que exista trata.
2. O consentimento da vítima de trata: é irrelevante cando se incorreu no referido do apartado a) no que se menciona, entre outros, o abuso de poder ou situación de vulnerabilidade. Non ten que producirse todos e cada un dos supostos senón algún e respecto

a isto non é difícil determinar a consideración teórica que se interpreta deles pero si a operativización que se fai na intervención (e que normalmente non se ten en conta, só se existe coacción, principalmente). De aí que investigadores na materia aconsellen a posibilidade de incluír especificamente a coerción non física para que non se exclúan casos de trata derivados de entender que o consentimento marca unha diferenciación clara con respecto ao tráfico, por exemplo (Malpani, 2006). En opinión da Federación de Mulleres Progresistas no seu informe de Trata de mulleres con fins de explotación sexual publicado no 2008 en relación a unha destas acepcións, “a vulnerabilidade” di: *a posibilidade de que a trata, se produza recorrendo ao abuso dunha situación de vulnerabilidade, aínda que non haxa coacción nin engano e, a invalidez do consentimento dado pola vítima ao poder estar viciado por este último*” (Federación de Mulleres Progresistas, 2008). Así mesmo, a fiscal adscrita ao fiscal de Sala Coordinador de Estranxeiría en España, Patricia Fernández Olalla manifesta claramente: *“O tráfico de inmigrantes ou inmigración clandestina non implica necesariamente a vitimización do inmigrante o cal acepta dende o principio a súa condición de tal. Iso non significa que o inmigrante clandestino non poida ser vítima doutras condutas que xurdan ao longo da viaxe, como coaccións, ameazas, lesións, mesmo atentados contra a súa vida. Non obstante en trata de seres humanos achámonos sempre ante un crime contra o ser humano porque mesmo naqueles casos nos que as vítimas poidan prestar un consentimento, este carece de eficacia ningunha por razón dos medios que os tratantes empregaron para obtelo.* (García, Fernández, 2012.). Esta cuestión é clave na actual conxuntura de dar resposta á abordaxe da trata de persoas, tanto a nivel policial como penal (por parte das ONG que atenden e asisten as vítimas xa existe este consenso de irrelevancia do consentimento neses supostos). Así tamén o entendeu a UNODC e nun recente informe<sup>5</sup> técnico abórdase esta cuestión especificamente poñendo de manifesto a necesidade de clarificalo e operativizalo para os profesionais da xustiza penal. No informe determínase a existencia de vulnerabilidade (que pode ser persoal, xeográfica e circunstancial), se hai abuso desta (acontece cando esta vulnerabilidade se usa intencionalmente ou aprovéitase para captar, trasladar, acoller ou recibir esa persoa co fin de explotala, de modo que a persoa crea que someterse á vontade do abusador é a única alternativa real ou aceptable) e está supeditado á demostración con probas fidedignas (aquí intervirían os especialistas/expertos a través dos seus informes: psicólogos, sociólogos, antropólogos, traballadores sociais, ...). Esta aclaración é fundamental para romper a asociación habitual de violencia ou intimidación, que pode suceder pero non é necesaria.

**3. A captación, traslado, acollida ou recepción de persoas:** non é necesario que se crucen fronteiras (trata interna) aínda que se fai referencia constante nos estudos á habitual dimensión transnacional do fenómeno (trata internacional ou externa) dado que a captación se produce normalmente nos países de orixe da vítima que difire do país de explotación. As vítimas utilizan os itinerarios da migración irregular e as redes de trata usan os desexos de migrar como métodos de captación.

<sup>5</sup> UNODC: Issue Paper on Abuse of a Position of vulnerability and Other Means within the Definition of Trafficking in Persons, outubro de 2012. Pódese consultar en [www.unodc.org/unodc/en/human-trafficking/publications.html?ref=menuaside](http://www.unodc.org/unodc/en/human-trafficking/publications.html?ref=menuaside)

Precisamente polo solapamento, superposicións e transicións que poidan existir coa trata é requirido clarificala da existencia de tráfico (anteriormente mencionado) e que foi definido no Protocolo contra o tráfico ilícito por terra mar e aire a través da mesma Convención en Palermo como: a facilitación da entrada ilegal dunha persoa nun Estado parte do cal a devandita persoa non sexa nacional ou residente permanente co fin de obter, directa ou indirectamente, un beneficio financeiro ou outro beneficio de orde material. É polo tanto requirido o cruzamento de fronteiras (o tráfico é sempre trasnacional) e non existe explotación posterior (o tráfico remata cando os migrantes chegan aos lugares ou países de destino). Na realidade dos casos, tráfico e trata están moi relacionados e/ou se xustapoñen e as vítimas de forma habitual sitúanse en ambas as dúas situacións ou no seu solapamento. Así, é posible atoparse con procesos migratorios que se nutren a través do tráfico de persoas pero que se converte en trata no país de destino. De aí que os investigadores recomenden entender a trata como un proceso de gradacións (Kelly, 2005) ou como un ciclo no que cada etapa a vítima é receptible de ser identificada (Zimmerman, 2003).

*Imaxe 1. Etapas do ciclo de Trata*



Imaxe extraída da Guía para provedores de saúde: Coidados para a saúde e trata de persoas, OIM-UN.GIFT-London School of Hygiene & Tropical Medicine, 2012 (pax. 9).

### 1.3 Aproximación internacional e dende a Union Europea:

A construción dun mercado único no espazo Shengen coa consecuente desaparición dos controis nas fronteiras interiores sobre mercadorías, persoas e capitais esixiu desenvolver medidas de seguridade que compensen a desaparición dos controis policiais fronteirizos coa finalidade de previr e loitar contra a delincuencia organizada crecentemente transfronteiriza (Pallín: 2004). Aínda que se leva traballando de forma intensiva dende a década dos 90, o bienio 2010-2011 representa un punto de inflexión no alcance e derivacións na loita contra a trata de persoas na Unión Europea. Evidentemente, a mera articulación de medidas non é suficiente senón é acompañada dunha estrutura de apoio que axude na súa aplicación pero supón un importantísimo avance (García, Olalla: 2012).

Así mesmo, as directivas europeas poñen de manifesto a evolución nos instrumentos postos ao servizo dos Estados membros na loita contra a trata e na que houbo axustes necesarios que están por valorar (cal está a ser o seu impacto nos datos se os hai) e que, en calquera caso, melloraron as garantías dunha mellor asistencia e protección das vítimas así como a prevención do delito.

É o caso da recente Directiva 2011/36/CE na que a posibilidade de conceder un permiso de residencia temporal ás vítimas nacionais

de terceiros Estados que se atopan nunha situación de extrema vulnerabilidade extrapólase tamén ás que decidan non cooperar coas autoridades competentes derivado das grandes dificultades que iso entrañaba e dos resultados da aplicación da Directiva 2004/81/CE onde se definía as concesións de permisos de residencia e que estaban supeditados á devandita colaboración. Ademais, isto ofrecíase en condicións moi pouco garantistas para a vítima na que podía verse retirado este dereito en calquera momento baixo supostos<sup>6</sup> que a situaban nun estado de total indefensión. Nun Informe da Comisión ao Parlamento Europeo e ao Consello do 15 de outubro de 2010 sobre a aplicación da devandita directiva pon de manifesto ademais que as medidas adoptadas eran ineficaces:

*“o número de vítimas de trata de seres humanos está claramente moi por enriba do número de permisos de residencia temporais que se expiden cada ano de acordo con esta directiva. Por conseguinte, o impacto da directiva na protección das vítimas e o desmantelamento de redes de traficantes resulta insuficientes”.*<sup>7</sup>

De aí as emendas realizadas prestándolle especial atención a protección das vítimas ampliando as súas tipoloxías e o propio concepto de explotación.<sup>8</sup> Así mesmo, as sancións agrávanse (de polo menos cinco anos e das menos de dez segundo se constate unha serie de parámetros<sup>9</sup>) e incorpóranse medidas novidasas de prevención esixindo aos Estados membros o seguinte:

- desalentar a demanda mediante a educación e a formación;
- levar a cabo campañas de información e concienciación;
- formar os funcionarios que poidan entrar en contacto con vítimas de trata e adoptar medidas necesarias para conferir o carácter de infracción penal ao feito de utilizar os servizos sexuais ou distintos, dunha persoa vítima de trata.

<sup>6</sup> Estes podían ser: se a vítima continuaba relacións cos presuntos autores, se a cooperación da vítima é fraudulenta ou a denuncia é infundada; cando deixe de cooperar ou “cando as autoridades competentes decidan desistir da acción”.

<sup>7</sup> Ver en: [http://europa.eu/legislation\\_summaries/justice\\_freedom\\_security/fight\\_against\\_trafficking\\_in\\_human\\_beings/l33187\\_es.htm](http://europa.eu/legislation_summaries/justice_freedom_security/fight_against_trafficking_in_human_beings/l33187_es.htm). Nas conclusións do devandito informe afírmase que: “mentres que as vítimas identificadas nalgúns Estados membros se cifran en varios centenaes ou mesmo superan as dúas mil persoas ao ano, o número de permisos de residencia concedidos sobre a base da Directiva raramente supera a vintena ao ano”. España non facilitou información ao respecto e xunto a outros moitos Estados (entre eles Francia, Alemaña, Italia, Portugal, ...) non se toman ningunha medida formaisde transposición da devandita directiva mediante o cal se incoaron procedementos de infracción contra 14 Estados membros e España foi condenada en custas polo Tribunal Europeo de Xustiza por incumprir as obrigas relativas á devandita directiva.

<sup>8</sup> Inclúese, ademais, a mendicidade, a utilización en actividades delituosas, extracción de órganos, a adopción ilegal ou os matrimonios forzados.

<sup>9</sup> Segundo se constaten as seguintes infraccións: se se cometeu contra unha vítima particularmente vulnerable (os menores sempre forman parte desta categoría), se se cometeu no marco dunha organización delituosa; se a posto en perigo, de forma deliberada ou por grave negligencia, a vida da vítima; se se cometeu empregando violencia grave ou causou á vítima danos particularmente graves.

<sup>10</sup> Ver máis amplamente en: [http://europa.eu/legislation\\_summaries/justice\\_freedom\\_security/fight\\_against\\_trafficking\\_in\\_human\\_beings/jl0058\\_es.htm](http://europa.eu/legislation_summaries/justice_freedom_security/fight_against_trafficking_in_human_beings/jl0058_es.htm)

**Táboa 1. De acordo coa normativa internacional contra a trata de persoas e relacionado con ela, as referencias máis importantes son:**

Dende as Nacións Unidas (Palermo, 2000)	Dende a Unión Europea	Dende o Consello de Europa
Protocolo para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente de mulleres e nenos.	Directiva 2002/90/CE do Consello da UE <sup>12</sup>  Decisión marco do Consello da UE 2002/946/JAI <sup>16</sup>	<b>Convenio sobre a loita contra a trata de seres humanos (Varsovia, 2005)</b> <sup>13</sup>
Protocolo contra o tráfico ilícito de migrantes por terra, mar e aire <sup>15</sup>	Directiva 2004/81/CE <sup>14</sup> <b>Directiva 2011/36</b> <sup>17</sup>	

## 1.4

### O Estado español e ámbito autonómico.

A lexislación española respondeu de forma moi tardía ás esixencias do dereito internacional no tratamento normativo que debía aplicarse á trata de persoas no Estado existindo unha ausencia de tipificación específica que carrexou, en opinión de Patricia Fernández Olalla (Fiscal de Estranxeiría) “a impunidade de moitos *casos e unha desatención xeral cara ao fenómeno do comercio con seres humanos, á desinformación absoluta e con ela a unha sorprendente ausencia de conciencia social*” (García, Fernández: 2012). En calquera caso, a posibilidade de perseguir os casos de trata atopábanse unificados co tráfico circunscrito ao delito tipificado antes e agora no art. 318 bis do CP<sup>18</sup> (Código penal) relativo ao favorecemento da inmigración ilegal. A partir do 2010 isto queda clarificado para os casos de poboación comunitaria e que antes da modificación regulamentaria se perseguía a través de delitos conexos como a prostitución coactiva, a explotación laboral, lesións, detención ilegal ou delitos de falsidade. Con respecto á trata de persoas con fins de explotación sexual (a máis visible e numerosa) xa estaba recollido como delito específico no Código penal español dende 2000, modificado en numerosas ocasións para ampliar as áreas relacionadas con esta materia cubertas pola lexislación nacional (García, Fernández: 2012) pero sen dúbida a nova articulación outorga maior definición. As actuais modificacións veñen polo tanto a clarificar dous

<sup>11</sup> Ratificado por España o 11/12/2003 e en vigor dende o 25/12/2003 onde no seu artigo 3 desenvólvese a definición básica de trata de seres humanos.

<sup>12</sup> Na que se define a axuda á entrada, circulación e estadía irregulares (28/11/2002).

<sup>13</sup> De claro enfoque de protección dos dereitos humanos das vítimas, foi ratificado por España o 2 de abril do 2009 e obriga ao Estado á identificación das vítimas, ao seu apoio e protección incluída a autorización de residencia no país en determinadas situacións, á persecución penal de trata e á compensación económica ás vítimas.

<sup>14</sup> Destinada a reforzar o marco penal para a represión da axuda á entrada, circulación e estadía irregulares.

<sup>15</sup> Ratificado por España como instrumento o 10/12/2003 entrando en vigor o 28 de xaneiro do 2004 e que define no seu artigo 3 e 6 a conduta de tráfico ilícito de inmigrantes.

<sup>16</sup> Do 29 de abril relativa á expedición dun permiso de residencia aos nacionais de terceiros países que foran vítimas da trata de seres humanos ou foran obxecto dunha acción de axuda á inmigración ilegal, que cooperen coas autoridades competentes.

<sup>17</sup> Relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e á protección das vítimas. A entrada en vigor é en 15/04/2011 e o prazo de transposición nos Estados membros: 06/04/2013.

<sup>18</sup> Nel faise referencia: ao que directa ou indirectamente, promova, favoreza ou facilite o tráfico ilegal ou a inmigración clandestina de persoas dende, en tránsito ou con destino a España, ou con destino a outro país da Unión Europea, prevendo para o autor unha pena de 4 a 8 anos de prisión.



conceptos intimamente ligados pero que tiveron pouca certeza xurídica: trata de seres humanos e a inmigración clandestina. Aínda que hai preceptos pendentes de transposición e necesarias melloras aplicables, a actual regulación, en opinión dos/as expertos/as foi un importantísimo avance dada a confusión e insuficiente normativa anterior avanzando considerablemente na protección e loita contra a trata.

Ofrécese un resumo da normativa máis salientable aplicable á trata de persoas na táboa 2 (a continuación) e que vén a configurar os eixes principais: código penal, lexislación de estranxeiría, asilo e a Lei de axuízamento criminal (LECRIM)<sup>19</sup>.

En desenvolvemento do actual regulamento de estranxeiría, apróbase o Protocolo marco de protección das vítimas de trata (28/11/2011) onde se estipulan as pautas para unha atención integral ás vítimas, determina as funcións das forzas e corpos de seguridade para a detección, identificación, entrevista e protección das vítimas. A Rede española contra a trata<sup>20</sup> que aglutina a moitas das entidades ONG que traballan con vítimas elaborou un documento onde realizan unha serie de achegas importantes para definir e precisar cada un dos puntos deste Protocolo orientándoo á mellora operativa da súa aplicación. O máis destacado deste informe é a necesidade de incorporar a denominada identificación proactiva onde as Ong's poden e deben ter un importante labor de colaboración (xa que sen identificación non pode haber protección) entendendo esta acción como un proceso que esixe de tempo e especialización. Recálcase a non condicionalidade entre identificación e colaboración ou proceso penal abrindo a barreira de protección ás potenciais vítimas. Engádese aos factores que hai que ter en conta para avaliar a vulnerabilidade da vítima: a idade, o nivel cultural, situación social e estado de necesidade. Especificase a necesidade de outorgar maior importancia aos informes das entidades con experiencia acreditada na asistencia integral a vítimas de trata para fundamentar a exención de responsabilidade no suposto de que a persoa non poida ou non queira colaborar coas autoridades así como a posibilidade, segundo supostos, de obter autorización de traballo e residencia igualmente (no caso de menores, o documento realiza un novo articulado).<sup>21</sup>

En relación coas políticas públicas os instrumentos foron desenvolvidos a través do Actual Plan estatal contra trata con fins de explotación sexual (2009-2012) e que en xuño de 2011 e outubro de 2012 presentaron os seus II e III Informe de avaliación. A RECTP estima que a avaliación debe ser máis exhaustiva, establece a necesidade de abranguer trata laboral (en proceso de execución), valóranse que as medidas do desincentivo da demanda foron illadas e deben ser reforzadas as medidas de prevención a medio prazo (educación afectivo-sexual) así como medidas que fomenten a emancipación feminina en países de orixe.

<sup>19</sup> Para máis información pódese consultar o material de Adoratrices "Proxecto Esperanza" no seu Informe de valoración do novo marco xurídico contra a trata de seres humanos. Análise de casos reais e recomendacións en: [http://www.proyectoesperanza.org/materiales/Informe\\_Nuevo\\_Marco\\_Juridico\\_Documento.pdf](http://www.proyectoesperanza.org/materiales/Informe_Nuevo_Marco_Juridico_Documento.pdf)

<sup>20</sup> Entidades membro da Rede española contra a trata de persoas (RECTP): AIETI, APRAMP, CEAR, CONFER, Cruz Branca, IEPA-LA, Médicos do Mundo, Mulleres en Zona de Conflito, Proxecto Esperanza, Save the Children, Terra de Homes, Women's Link Worldwide, Rede cántabra contra Trata e a Xarxa Catalana. Entidades colaboradoras da Rede: ACCEM, ACNUR, Amnistía Internacional, Cruz Vermella, OIM.

<sup>21</sup> Para ver o documento completo das achegas da Rede española contra trata de persoas en: <http://www.fundacionlydiacacho.org/aportaciones.pdf>



**Táboa 2. O delito de trata de persoas no ordenamento xurídico Español e relacionados de maior relevancia:**

LEIS E REGULAMENTOS	Articulado	Referencias máis significativas para as vítimas de trata:
CÓDIGO PENAL	Art. 177bis	Tipo básico de trata (5 a 8 anos de prisión) e outras precisións (atenuantes e agravantes) <sup>22</sup> . Características: delito de consumación anticipada. Ben xurídico protexido: DDHH das vítimas. Carácter de non persecución polas infraccións penais que a vítima se vira forzada a cometer.
	Art. 188.1	Se o delito de trata vai seguido dun acto de explotación efectiva (prostitución coactiva e explotación sexual) <sup>23</sup>
	Art. 312-2	En concurso con trata, en caso de explotación laboral de traballadores estranxeiros.
	Art. 318bis	Relativo á inmigración clandestina
LECRIM	Art. 730	Relativo á proba testifical anticipada ou preconstituída: intervención do xuíz de instrución, posibilidade de contradición (avogado ao imputado/a) e lectura desta en xuízo oral.
LOEX 10/2011, do 27 de Xullo	Art. 59bis	Medidas de protección para as vítimas de trata conforme o previsto no art. 10 do Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra trata de seres humanos.
RD 557/2011, do 20 de abril	Art. 138 a 146	Medidas aplicables ás vítimas do delito:  (1) localización: en territorio español ou en fronteiras.  (2) identificación: art. 140 onde se impulsa a creación do Protocolo marco, art. 141-1 e 142-2 relativo ás autoridades policiais e de estranxeiría esixindo formación específica,  (3) período de reflexión: art. 142-1 de, polo menos, 30 días <sup>24</sup> ,  (4) outros relativos a: art. 143 relativo á exención de responsabilidade administrativa se se atopa en período irregular, art. 144 respecto á posibilidade de acceder a unha autorización de residencia e traballo e art. 145.1 sobre o dereito ao retorno.
Lei 12/2009, do 31 outubro  (Lei de asilo)	Art. 46.1	Relativo á situación específica das persoas solicitantes ou beneficiarias de protección internacional en situación de vulnerabilidade, tales como (...) e "vítimas de trata de persoas".

<sup>22</sup> Artigo 177bis do Código penal español: "1. Será castigado coa pena de cinco a oito anos de prisión como reo de trata de seres humanos o que, sexa en territorio español, sexa dende España, en tránsito ou con destino a ela, empregando violencia, intimidación ou engano, ou abusando dunha situación de superioridade ou de necesidade ou de vulnerabilidade da vítima nacional ou estranxeira, a captar, transportar, trasladar, acoller, recibir ou a alojar con calquera das finalidades seguintes: a. A imposición de traballo ou servizos forzados, a escravitude ou prácticas similares á escravitude ou á servidume ou á mendicidade. b. A explotación sexual, incluída a pornografía. c. A extracción dos seus órganos corporais. 2. Aínda cando non se recorra a ningún dos medios enunciados no apartado anterior, considerarase trata de seres humanos calquera das accións indicadas no apartado anterior cando se levare a cabo respecto de menores de idade con fins de explotación. 3. O consentimento dunha vítima de trata de seres humanos será irrelevante cando se recorra a algún dos medios indicados no apartado primeiro deste artigo. 4. Imporase a pena superior en grao á prevista no apartado primeiro deste artigo cando: a. Con ocasión de trata pónñase en grave perigo á vítima; b. a vítima sexa menor de idade; c. a vítima sexa especialmente vulnerable por razón de enfermidade, minusvalidez ou situación. Se concorren máis dunha circunstancia imporase a pena na súa metade superior. 5. Imporase a pena superior en grao á prevista no apartado 1 deste artigo e inhabilitación absoluta de seis a doce anos aos que realicen os feitos prevaléndose da súa condición de autoridade, axente de esta ou funcionario público. Se concorren ademais algunha das circunstancias previstas no apartado 4 deste artigo imporase as penas na súa metade superior. 6. Imporase a pena superior en grao á prevista no apartado 1 deste artigo e inhabilitación especial para profesión, oficio, industria ou comercio polo tempo da condena, cando o culpable pertencese a unha organización ou asociación de máis de dúas persoas, mesmo de carácter transitorio, que se dedicase á realización de tales actividades. Se concorren algunha das circunstancias previstas no apartado 4 deste artigo imporase as penas na metade superior. Se concorren a circunstancia prevista no apartado 5 deste artigo imporase as penas sinaladas neste na súa metade superior. Cando se trate dos xefes, administradores ou encargados das devanditas organizacións ou asociacións, aplicaráselles a pena na súa metade superior, que poderá elevarse á inmediatamente superior en grao. En todo caso elevarase a pena á inmediatamente superior en grao se concorren algunha das circunstancias previstas no apartado 4 ou a circunstancia prevista no apartado 5 deste artigo. 7. Cando de acordo co establecido no artigo 31 bis unha persoa xurídica sexa responsable

Con todo, as ONG manifestan a dificultade efectiva existente na protección ás vítimas derivado da non aplicación de supostos teóricos con poucos resultados reais: no resarcimento das vítimas, na gran vinculación de trata coa corrupción (na Administración pública e privada) e a revitimización nas prácticas de intervención e asistencia ás vítimas<sup>25</sup>.

### Galicia:

A nivel autonómico destácase a seguinte normativa en relación con trata con fins de explotación e que se abordarán ao longo do presente traballo:

- A Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero: recóllese o tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación como unha expresión de violencia de xénero.
- Lei galega 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia: onde se estipula a dimensión de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes sobre o emprego e as relacións laborais.
- Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual (renovación asinada o 28 de marzo do 2012).

A valoración deste protocolo realízase na recentemente presentada memoria da Fiscalía Superior de Galicia e maniféstase con:

“Trátase dun documento de grande utilidade na nosa comunidade autónoma para o combate xurídico de trata de persoas con fins de explotación sexual. Permite dotarnos de instrumentos para unha axeitada asistencia ás vítimas desta forma de escravitude moderna

---

*dos delitos comprendidos neste artigo, imporáselle a pena de multa do triplo ao quántuplo do beneficio obtido. Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán así mesmo impoñer as penas recollidas nas letras b) a g) do apartado 7 do artigo 33. 8. A provocación, a conspiración e a proposición para cometer o delito de trata de seres humanos serán castigadas coa pena inferior nun ou dous graos á do delito correspondente. 9. En todo caso, as penas previstas neste artigo imponse sen prexuízo das que correspondan, se é o caso, polo delito do artigo 318 bis deste código e demais delitos efectivamente cometidos, incluídos os constitutivos da correspondente explotación. 10. As condenas de xuíces ou tribunais estranxeiros por delitos da mesma natureza que os previstos neste artigo producirán os efectos de reincidencia, salvo que o antecedente penal fose cancelado ou poida selo conforme o dereito español. 11. Sen prexuízo da aplicación das regras xerais deste código, a vítima de trata de seres humanos quedará exenta de pena polas infraccións penais que cometera na situación de explotación sufrida, sempre que a súa participación nelas fose consecuencia directa da situación de violencia, intimidación, engano ou abuso a que fose sometida e que exista unha axeitada proporcionalidade entre a devandita situación e o feito criminal realizado”.*

- 23** Artigo 188.1: “Quén determine, empregando violencia, intimidación ou engano, ou abusando dunha situación de superioridade ou de necesidade ou vulnerabilidade da vítima, a persoa maior de idade a exercer a prostitución ou a manterse nela, será castigado coas penas de prisión de dous a catro anos e multa de 12 a 24 meses. Na mesma pena incorrerá o que se lucre explotando a prostitución doutra persoa, aínda co seu consentimento”. Sobre este último precepto, falamos en apartados posteriores.
- 24** No resto de lexislacións europeas amplían este período a: 45 na belga e Reino Unido, 3 meses en Holanda e dun a tres meses en Alemaña.
- 25** No Informe recentemente publicado por Adoratrices “Proxecto Esperanza” e “Sicar. cat” aparecen referidos estes elementos nos seus II Avaliación de impacto. (2006-2010) Mulleres vítimas de trata. Recuperando dereitos, progresando en dignidade. 2012.

que, realizada baixo o control de redes organizadas de ámbito internacional, constitúe unha flagrante violación dos dereitos humanos e integra un delito contra a liberdade e a seguridade das persoas afectadas. Xa dentro do ano 2011, o dito documento foi modificado para a súa adecuación á recente reforma en materia de estranxeiría operada pola Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro, de reforma da LOEX, nova normativa que tivo unha importante repercusión en materia de tratamento e protección de vítimas de trata de seres humanos” (Memoría Fiscalía, 2012).

No momento de redacción do presente informe presentouse por parte do Ministerio de Xustiza de España un anteproxecto de lei orgánica polo que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de decembro, do Código Penal, e que afecta, nalgúns aspectos, o marco normativo aquí referenciado. No contexto que nos ocupa a presente reforma trata de realizar unha mellor e máis completa transposición da normativa europea relativa á prevención e loita contra trata de seres humanos e a protección das vítimas. Podemos destacar, sen ánimo de ser exhaustivos, as seguintes reformas:

- Modifícase a actual regulación do delito de inmigración ilegal, separando claramente esta figura delituosa do delito de trata de seres humanos axustando tipos e penas ás esixencias derivadas da Directiva 2002/90/CE e a Decisión marco 2002/946/JAI.
- Modificación do actual artigo 177.1 bis relativo a trata de seres humanos. Dentro das formas de comisión do delito inclúese a entrega ou recepción de pagamentos para obter o consentimento da persoa que controla as vítimas. Tamén se tipifica a explotación coa finalidade de que as vítimas cometan actos delituosos para os explotadores e delimitase vagamente o concepto de “vulnerabilidade” (*“existe unha situación de necesidade ou vulnerabilidade cando a persoa en cuestión non ten outra alternativa, real ou aceptable, que se someter ao abuso”*).
- Tipifícase como delito o matrimonio forzado co cal se castigará a violencia ou intimidación para obrigar a contraer matrimonio e a violencia, intimidación ou engano para forzar a abandonar o territorio nacional ou regresar con esa mesma finalidade (artigo 172 bis).
- Esténdese a figura do comiso ampliado, que se limitaba inicialmente aos delitos de terrorismo e aos labores por organizacións criminais, a outros supostos nos que é frecuente que se produza unha actividade delituosa sostida no tempo da que pode derivar importantes beneficios económicos (entre eles aos delitos de trata de seres humanos, prostitución, explotación e abuso de menores - artigo 127 bis).
- En xeral, endurecécese as penas dos delitos contra a liberdade sexual cando afecten menores e persoas con discapacidade.



## APARTADO 2: OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

### Obxectivos e duración

Coa intención de obter a información necesaria e pertinente nunha análise da situación actual de trata de persoas en Galicia, o obxecto de estudo principal da investigación centrarase nos distintos axentes sociais que interveñen no tratamento do fenómeno: responsables e profesionais da xustiza penal (xuíces/as, avogados e fiscais), autoridades de inmigración (Unidades contra as redes de inmigración ilegal e falsidades documentais -UCRIF- e/ou Grupo de estranxeiros), organizacións de traballadores, empresarios e/ou entidades non gobernamentais (ONG e asociacións) así como expertos/ás na materia e, as propias vítimas de trata.

#### Obxectivo principal:

- Coñecer e analizar a situación actual do fenómeno de trata de Persoas en Galicia respecto a:

A representante e responsable de inmigración de CIG-Galicia pon de manifesto a necesidade de articular respostas rápidas e eficaces nos procedementos xudiciais que se abren nesta materia e ofrecer certas garantías de protección para as persoas vítimas máis alá da declaración de testemuña protexida. Así mesmo, a reparación e compensación cara ás vítimas debe ser rápida e acorde co dano sufrido. A tolerancia social cara á explotación tanto laboral como sexual converte en conniventes á sociedade e ás institucións encargadas de velar polos dereitos da cidadanía, feito inescusable e necesitado dunha abordaxe real e contundente.

*"...entón a xustiza para min non estivo á altura das circunstancias en ningún dos casos. Ademais de que a lentitude dos procesos xudiciais eran demasiado dilatados e non eran suficientemente atraentes como para poder animar a outra xente a que se engancharan a unha denuncia colectiva. A estes 57, que acompañei neste último caso, sumáronse 18 máis, á espera de poder recuperar os cartos, eran de X os outros. Hai trinta e tantas empresas metidas, ben pero é que o proceso é tan longo que, estamos falando do 2009 e a data de hoxe nada..." (P-1, pax. 73).*

*"...¿Que vin nas mafias? A xente, primeiramente medo, medo a denunciar, por que? Porque non hai garantías xudiciais, primeiramente non hai garantías xudiciais e cando pedimos testemuña protexida, sobre todo, no tema de trata de mulleres emigrantes vinculadas á prostitución, pedía testemuña protexida, e xa me dixeran, iso nas películas, non existe..." (P-1, pax. 73).*

*"...57 marroquís que se lles cobraba 10.000 euros polos papeis... entón pensei que o tiro ía ser raso, ía por fin recuperar os cartos e que a xente permanecese coa súa residencia nunha situación de amparo por parte da xustiza e da policía..." (P-1, pax.72).*

*"Hai outro tipo de tratadas que foi a través da X, que eran convenios con organismos homólogos de países Colombia, República Dominicana, Ecuador e Marrocos, que traían mulleres para o servizo doméstico en situación de contratos de silencio. (...)... un proxecto de traída de mulleres inmigrantes para o servizo doméstico en situacións para min de escravitude... (...)...Ben, X viña por un proxecto, que ela ademais tiña un documento onde se expoñían os pasos que tiña que ir dando ata coñecer a familia e expoñía que non debería falar cos veciños das condicións laborais nin cos donos da casa e prometíanlle a regularización. (...) ... moitas, aquí só en Compostela hai máis de cincuenta eh!*

*As últimas foron de Marrocos e claro o choque cultural con algunhas familias, non con todas, pero con algunhas foi evidente...". (P-1, pax. 73).*

*"Ben pois cando a crise isto, racha a posibilidade de traer xente de fóra, aí acabouse..." (P-1, pax. 75).*

Nesa liña tamén se manifestan as persoas entrevistadas da xudicatura no difícil labor de romper coa connivencia institucional así como coa corrupción existente nalgúns estamentos policiais e políticos vinculados ás organizacións e persoas que explotan e trafican/tratan con seres humanos en Galicia e que nestes momentos están implicados na Operación Carioca.

*...en los casos de trata, los mafiosos, porque los dueños de los clubs son unos mafiosos y lo saben: extorsionan, agreden, matan y hacen lo que haga falta... cuando los pillas, saben que se lo merecen pero los corruptos no, se creen que no se lo merecen, que su corrupción tiene una razón de ser y más cuando piensan que se trata de uno de "los nuestros", se creen que por ser policías, jueces o funcionarios públicos de poder deben tener un trato de favor y es al revés, la ley lo estipula así además, es un agravante pero cuando les toca, se ven incrédulos y ofendidos... (P-11\* -notas de campo- , pax.157).*

*... esta gente conocía a otra a la que hacía favores y al revés por lo que los vínculos eran muy fuertes, no lo viven como algo que hay que sancionar, no, no lo dicen tranquilamente, eso sólo pasa aquí, es propio de esta mentalidad... (P-13 \* -notas de campo- , pax. 158)*

### 3.2.2

#### Os grupos de diagnóstico:

Contouse con 24 entidades seleccionadas pola súa traxectoria profesional ligada á experiencia na abordaxe da trata (laboral e sexual) en Galicia na realización dun cuestionario preliminar que servise de ferramenta informativa sobre as necesidades recollidas polas organizacións na identificación/atención e asistencia das vítimas de trata. Os resultados máis salientables deste cuestionario preséntanse a continuación para posteriormente analizar os temas abordados nos grupos de diagnósticos propiamente ditos.

#### O cuestionario preliminar:

- Características das entidades: no 84,2% dos casos o contacto coa vítima prodúcese de forma directa (ben porque é a propia vítima ou a entidade quen establece contacto ou por derivación doutros axentes sociais), só en tres casos o contacto non é actual e corresponde a entidades que manifestaron non ter experiencias con vítimas na actualidade (é o caso de Cruz Vermella Española de Lugo, UAMI de Santiago e UAMI de Lugo). As organizacións que declaran ter ampla experiencia no tema son: Médicos do Mundo, Faraxa e Vagalume seguidas de Cáritas (bastante experiencia tanto no caso de Lugo como Ourense), Adoratrices Ourense, Aliad, Ecos do Sur, CIGA-Galicia e Oblatas "O Mencer".
- Características máis salientables nos datos reflectidos: existe variables claramente diferenciais nos datos referidos a trata laboral e sexual. Un é o xénero (as mulleres protagonizan trata sexual detectada), outro son as nacionalidades máis frecuentemente detectadas (no caso de trata sexual son: Brasil, sobre todo, Colombia, Paraguai, República Dominicana, Romanía e Nixeria e no caso de trata laboral son: Arxentina, Uruguai, Bolovia, Paraguai, Venezuela, Colombia, Brasil, Perú e Marrocos) e, por último, o contacto dos tratantes coas vítimas: no caso de trata sexual, este é maiormente selectivo e asociado ao ambiente familiar e de amigos/coñecidos, en cambio, en trata laboral, úsanse ademais dos referidos ás axencias, anuncios de prensa e contactos sen vinculación emocional coa vítima. Na seguinte táboa apréciase os casos detectados por cada organización e en que variante (táboa 10). É salientable a disparidade dos datos e os factores que poden explicar este feito son: no caso de trata sexual, o uso moito máis continuado dun dispositivo de achegamento ao medio prostitutivo como é a unidade móbil e que marca a diferenza no número de atencións como, polo tanto, de deteccións. A experiencia no uso deste dispositivo tamén é importante xa que os anos de intervención social bota un coñecemento maior dos espazos de explotación e os seus controladores (clubs de alterne e donos destes, por exemplo). Outro factor que podería ser tido en conta é a laxitude con que a entidade poida considerar a existencia de trata e que pode ser debido á observación de varios e/ou un único indicio razoable, aspecto ao que se fai referencia na táboa nº7 e que determina a concorrencia dos máis importantes polo que seguramente a detección é fundada aínda que é posible que non se posúa un rexistro exhaustivo deste dato derivado da gran cantidade de atencións realizadas e a imposibilidade de realizar un seguimento individualizado (é o caso de Médicos do Mundo, o cálculo realízase a partir de estimacións porcentuais: teñense indicios claros de que, polo menos, un 75% dos casos atendidos poderían estar en situación de trata, tendo en conta os contextos e factores comúns

compartidos por moitos deles). A isto debemos engadir a inmersión de dous casos certamente significativos e que teñen un claro impacto nos datos salientados: o Caso Carioca en Lugo (trata sexual) e o Caso Peregrino en Santiago (trata laboral) aínda que no caso de dúas entidades de Lugo (Cruz Vermella e UAMI) non dispoñan de datos ao respecto. A aparición de Aliad e Consorcio das Mariñas veñen responder á atención destes casos. Estes datos xunto coas opinións e valoracións enrocadas nos grupos de diagnóstico posteriormente son claves para poñer de manifesto a distinta percepción que se posúe dunha realidade compartida xa non só entre diferentes axentes sociais (ONG e FFSS) senón tamén entre as propias entidades e que non responde unicamente á súa dispar experiencia existente (que tamén) senón á distinta apreciación da propia dimensión do fenómeno e as súas características.

<b>Táboa 10. (Preg.5). Víctimas detectadas (2 últimos anos)<sup>44</sup> por parte das ONG en Galicia</b>						
Entidades participantes	Trata sexual		Trata laboral		Trata outros	
	H	M	H	M	H	M
ABRIGA	-	1	-	-	-	-
ACCEM	-	2	2	4	-	-
Adoratrices Ourense	-	53	-	-	-	-
ALIAD	-	13	3	-	-	-
Cáritas Lugo	-	6	-	-	-	-
Cáritas Ourense	1	18	-	-	-	-
CIGA Galicia	-	-	100	300	-	-
CITE - CCOO	-	3	-	-	-	-
Consortio Ás Mariñas	-	3	-	-	-	-
Cruz Vermella Española	-	-	-	-	-	-
Ecos do Sur	-	8	-	-	-	-
Faraxa	-	129	-	-	-	-
Oblatas "O Mencer"	-	382	-	-	-	-
Médicos do Mundo	-	900	-	-	-	-
UAMI Lugo	-	-	-	-	-	-
UAMI Santiago	-	-	-	-	-	-
UAMI Vigo	-	4	-	-	-	-
UXT - Galicia	-	-	5	-	-	-
Vagalume	-	14	-	-	-	-
<b>TOTAL:</b>	<b>1</b>	<b>1.536</b>	<b>110</b>	<b>304</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
	<b>1.951</b>					

- Outro aspecto destacable dos datos recollidos son as maiores dificultades que se lle presentan ás organizacións á hora de identificar unha vítima de trata. Esta pregunta fórmulase de forma aberta e solicítase que se relate, se é necesario, a súa resposta. Puidéronse agrupar as observacións dadas en torno ás seguintes problemáticas:

<sup>44</sup> Fálase de detección de vítima de trata cando existen claros indicios ou indicios razoables (maniféstanse posteriormente) de que podemos estar ante unha vítima de trata.

- 1º. Falta de autoconciencia da vítima: percepción de débeda moral cos/as tratantes.
- 2º. Medo e inseguridade ante as ameazas dos/as tratantes: ausencia de confianza nos sistemas de protección.
- 3º. Gran dificultade de acceso á vítima (falta de espazo de confidencialidade idóneo e a existencia dunha forte vixilancia).
- 4º. Existencia de barreiras idiomáticas e de mobilidade xeográfica que fan inconstante a comunicación.

A falta de recursos económicos para facer fronte a esta situación é unha das necesidades manifestadas de forma maioritaria por parte das entidades, seguida dunha maior formación por parte dos axentes implicados así como coordinación e colaboración.

Das 19 entidades, 9 delas teñen unha persoa de referencia no seu persoal para tratar estes temas, ben sexa para o contacto directo coa vítima ou para sensibilización, etc. e as funcións que exercen son, sobre todo, de coordinación cos outros axentes sociais (policías, xuíces, sanitarios, centros educativos, etc) así como realizan tarefas de sensibilización, documentación e formación interna (en dous casos, son os que realizan o asesoramento xurídico en temas de migración na entidade). Preguntouse tamén se se recibiu formación específica sobre trata de persoas na entidade e o 36,8% afirman que non (n=7) e o 47,4% afirman que se (n=9). Existe, non obstante, receptividade en seguir formándose nesta área xa que posteriormente (pregunta nº18), un 78,9% das entidades consultadas queren recibir máis formación específica en trata de persoas. De entre os ámbitos a definir preferentemente: identificación (3), atención (3), protección (2) e/ou xustiza (3) e todos eles (2).

**Táboa 11. (Preg.7) Frecuencia en que as entidades constatan os seguintes indicadores nos casos detectados de trata**

Indicadores:	Moita	Pouca	Ningunha	Ns/Nc	Total
Carencia e/ou falsidade nos documentos de identidade ou de inmigración (pasaporte, visado, etc)	10	6	-	3	19
Restricións de liberdade de movemento: escasa capacidade de mobilidade	6	10	-	3	19
Illamento familiar e/ou social	11	4	1	3	19
Incapacidade ou dificultade para comunicarse no idioma do país (estadia prolongada)	5	10	1	3	19
Existencia de débeda económica abusiva (servidume por débeda)	10	2	3	4	19
Violencia física, psicolóxica ou sexual contra as vítimas ou contra a súa familia así como a ameaza de aplicala	9	5	1	4	19
Atemorizar e manipular as vítimas coa deportación e/ou detención se contactan coas autoridades	11	3	1	4	19
Control do diñeiro das vítimas	8	5	1	5	19

O cuestionario finaliza cun apartado no que as entidades participantes poden salientar as observacións que consideren pertinentes e 6 entidades manifestaron o seguinte: necesidade de articular alternativas reais á prostitución (creación dunha bolsa de emprego como os casos de violencia de xénero), unha entidade realiza unha valoración da particular situación que se vive nunha das provincias, Lugo, e onde se manifesta que “non existe sensibilidade nin recursos para afrontar os casos de trata”. Noutras declaracións envorçadas reflíctense explicacións sobre os datos facilitados con anterioridade, como: “existen razóns internas e externas de tanta detección (900) e só 2 casos de identificación: falta de recursos e de profundidade na intervención” así como a denuncia de “casos de tráfico por Turquía e Grecia” que posteriormente son explotadas sexualmente”.

### Os grupos de diagnóstico:

Como se adiantou no apartado de metodoloxía, os/as participantes dos dous grupos de diagnóstico foron 14 entidades galegas con experiencia en trata laboral e/ou sexual da nosa comunidade. Ofrécese a continuación os achados máis relevantes da súa posta en funcionamento nos que se omitiron os temas xa abordados polo cuestionario para evitar reiteracións, tendo en conta que se confirmaban e avalaban os datos ofrecidos con anterioridade e sometidos ás valoracións do resto dos/as participantes e que segundo os casos, resultaban sorprendentes. Por iso, é relevante comentar que non todas as entidades se coñecían previamente á constitución do grupo, mesmo aquelas que traballan no mesmo campo de acción: o caso de trata sexual, por exemplo. Así mesmo, e a pesar de existir un alto grao de especialización por parte da maioría dos/as participantes do grupo, puxo de manifesto unha alta diferenciación nos niveis e ámbitos de traballo así como no discurso articulado en torno ás temáticas preestablecidas. Púidose constatar a existencia de dúas tendencias: unha claramente reivindicativa-crítica e a outra, máis asistencialista-conservadora. Ambas as dúas están orientadas ás necesidades manifestadas polas vítimas pero a primeira desenvolve unha visión da intervención social proactiva e a segunda, reactiva; o cal queda reflectido no discurso.

#### • Características da trata:

Percíbese por parte das entidades unha distinción clara na percepción social e das propias vítimas e presuntas vítimas sobre trata laboral e sexual. Os elementos máis reveladores da primeira son: a autoconciencia da persoa en contexto de trata é recoñecida por o/a afectado/a e adoita ser no caso das mulleres unha etapa e/ou fase máis da explotación, é dicir, é habitual atoparse con perfís con dobre finalidade de explotación: tratadas laboralmente nun primeiro momento para traballar na agricultura, sobre todo, para despois ou en concorrencia coa laboral, a existencia de explotación sexual.

*“si lo comparamos con lo laboral, por ejemplo, yo creo que es distinto, la identificación en el caso de la laboral normalmente... según en la sexual, la víctima no lo suele reconocer y a nosotros por lo que veo nos cuesta a veces un poco también identificar, en el caso de laboral, con la poca experiencia, insisto... es la víctima la que... lo reconoce, o sea, me está pasando esto, a lo mejor no lo llaman trata, claro pero lo cuenta, o sea, a lo mejor es más fácil...”*

*pero también por un lado es más fácil pero por otro lado aparece mezclado mucho como explotación laboral y punto... ojo! ese es el riesgo en el caso de la trata laboral desde mi punto de vista es ese, que se pasa por encima como un caso de explotación laboral más..." (GD-1, pax. 21)*

*"yo creo que... todo lo que tiene que ver con la explotación sexual y prostitución es algo de lo más estigmatizante que hay a nivel social y entonces sí que genera un rechazo a lo mejor completamente inconsciente de la persona que te tendría ayudar... y en la explotación laboral hay un punto de solidaridad que a lo mejor no hay tanto..." (GD-1, pax. 21)*

*"...después ahí, si no rinden en el campo es más fácil trasladarlas a la prostitución porque si es que ves las historias de ellas, pasaron por los campos de Almería para acabar en los polígonos, o sea, no es que vinieran directamente pero es que ya empezaron por la laboral, me entiendes? una cosa va unida con la otra, dependiendo..." (GD-1, pax. 22).*

*"por cultura entón aí máis descoñecemento, cero, non... non se detecta que o coñezan o que é a trata, non saben que hai mulleres tratadas, non? é algo normal, o da prostitución está bastante normalizado entón bueno, aí as cousas están máis duras..." (GD-2, pax. 44)*

*"...seguimos cunha conciencia moi machista onde se entende que... bueno, digamos que é un... non estou de acordo, obviamente, que é un servizo social, que hai quen o mantén aínda, por desgraza ese discurso, unha maioría moi ampla desta poboación e algunhas mulleres tamén, por desgraza e ben, non o ven como un... como un problema e o da trata e que non se lles pasa pola cabeza, non saben nin o que é, así de claro, a trata eu creo que moita xente nin a asocia sequera como iso, asocia ó mellor a outro tipo de cousas, non cos clubs..." (GD-2, pax. 60)*

*"...claramente, a xente non ten nin idea do que é a trata.*

*- ... o típico tópico que non é tópico de que están porque queren aí, non? iso é xeneralizado, non? é xeneralizado pero si están é porque queren, non? entón intentas explicar e lle explicas un pouco..." (G-2, pax. 44).*

A variable xénero (e que responde ao binomio laboral/homes e sexual/mulleres) tamén marca unha distinción (e apuntado con anterioridade por outras fontes) concretándose aquí ademais a incursión dos homes en trata sexual con perfís moi concretos:

*"...y entonces pues bueno, temos moitísimos casos, temos un montón de casos y eu creo que hai un perfil moi diferente: homes cun nivel cultural alto, cunha presenza efectivamente moi cuidada, un público así como máis selectivo, non? é un pouco..."*

*- son máis descoñecidos..." (GD-1, pax. 18)*

*"...o único, no caso dos homes... as mulleres están... buscan as mulleres en xeral, os homes buscan un perfil concreto, van directos a un perfil, non se lles presenta a cualquier pessoa, van un home en concreto, é como máis fechado, a coisa, como máis... sixeloso, vou a este, este que podería ser un prostituto... adecuado, a mulher como... que a mulher pode ser prostituta sempre, serve para cualquier coisa, o home tem que ser... un adecuado..." (GD-1, pax. 18)*

*"...cuando acaban además de pagar esa deuda ya lo ven como un sistema de vida, ya ahora lo que gane es para mi..." (GD-1, pax. 13)*

O perfil dos/as tratantes adoitan estar integrados en redes e/ou pequenas redes que actúan como células pseudo independentes que se interrelacionan para a súa finalidade na explotación e que se adaptan segundo as dificultades atopadas en cada país de recepción. De aí que en España exista afluencia dun gran continxente de persoas dunha mesma nacionalidade en certos momentos dados derivado das dificultades de entrada. En calquera caso, articúlense fórmulas mediante as cales se pretende asegurar a convivencia coa persoa vítima e así asegurarse a explotación final.



“...Hai casos nos que as redes non están organizadas, ademais para que sexa trata non necesita que haxa unha rede, por exemplo casos dunha persoa, dáse máis no caso das iberoamericanas, a trata informal, non? que no tema dos países do Leste ou de África que aí as redes si que están moi organizadas, e por exemplo no caso das brasileñas e das paraguaias tamén pero ben, sobre todo eu o coñecín é o tema das brasileiras, ás veces é a prima que está aquí no club, sabes? quen a chama é o mozo da prima, o que presta os cartos para que ela poida vir pero eses cartos que despois teñen que devolverse cunha cantidade a maiores, ela mentres está aquí en prostitución sabendo que viña á prostitución ten que estar pagando todos os días unhas condicións económicas...” (GD-1, pax. 7-8).

“...pero es que realmente todas llegan con una deuda, han sido engañadas, un concepto que me parece fundamental incluso más fundamental que el concepto de trata en sí es... un poco enganchando con lo que dice x, el tratante tiene mucho poder y la víctima está totalmente vulnerable y después van llegando...” (GD-1, pax. 12).

“...esa outra parte da trata da que estamos falando que dicimos que é un informal, non é tan informal, é evidente, ou sexa, cando realmente as redes de trata utilizan as primas, as irmás, os cuñados, os maridos, mesmo, as veciñas, evidentemente utilizan eses elementos porque son elementos que generan máis confianza na vítima a pesar de que a nós directamente no traballo coas vítimas para nós sexa unha trata informal, é hiperformal...”. (GD-1, pax.9)

“...es tráfico para la trata y aparte lo de las redes pequeñas y redes grandes (...) son... redes pequeñitas pero que construyen una grande, en Santo Domingo hay una mafia grande que le pide 5.000 dólares para poder venir, en Holanda otra vez, le vuelven a cobrar otra gente, si no pagas de aquí no sales, a lo mejor tienen que estar un año allí ejerciendo la prostitución o lo que sea, para poder pagar, en Turquía lo mismo, en Grecia, lo mismo y al llegar a España lo mismo, entonces los conceptos claro que son muy importantes porque son operativos pero a la vez también desde mi punto de vista creo que puede perjudicar a las propias víctimas... perdernos en trata... al fin y al cabo es explotación y lo más importante creo que es la vulnerabilidad de las víctimas y eso es de lo que se aprovechan”. (GD-1, pax. 12)

“...yo no creo que haya mafias informales ni redes informales, yo no lo creo, no lo creo porque no funcionarían para empezar...” (GD-1, pax. 13)

“- todo o mundo falaba do engano, todo o mundo falaba da débeda, todas as mulleres falaban máis libremente desas cousas, non sei, penso que elas mesmas se recoñecían máis como vítimas que agora mesmo..

- a mafia evolucionou tamén...

- si, tamén... adaptáronse ós tempos bastante ben.” (GD-2, pax.43)

- Resposta institucional:

A identificación das persoas vítimas e potenciais vítimas de trata están sesgada pola natureza do órgano policial encargado de realizala (brigadas de Estranxeiría - UCRIF: Unidade Central contra as Redes de Inmigración e Falsidade Documental), o espazo en que se realiza a entrevista (o propio contexto de explotación) e o procedemento (batería de preguntas sen un traballo previo de coñecemento da persoa potencial vítima que ofrezca certas garantías de respostas veraces).

“...es como si entras en el campo de Auschwitz a sancionar a los prisioneros porque incumplen las normas sanitarias, o sea, que es algo así, es un absurdo...” (GD-2, pax. 51)

“...pero que realmente lo que es su máximo, que es su nombre, su título es falsedad documental y unidades de estranxeiría, qué persiguen y qué? el delito de tráfico... o sea, desde ese momento, no es un delito contra las víctimas de xénero...” (GD-1, pax. 37)

“...el procedimiento y el espacio en el que se encuentra las víctimas y en como se hace una batería de cuestiones en donde tú eres un inmigrante en situación irregular y después te voy a hacer una serie de preguntas y luego, por ejemplo, con x, desde el grupo operativo de extranjería, no está claro si es bueno que un agente de la ong vaya allí o sino lo que hacen en ocasiones le dan la tarjeta, entonces la tarjeta... esa mujer, obviamente se pierde en el camino porque no va a llegar a la ong, porque allí es un contexto negativo...” (GD-1, pax. 23)

“.. igual non se lle dá tanta importancia pero o lugar é bastante importante e nunha entrevista poucas che van recoñecer que son vítimas de trata, que quere dicir, que dende o noso punto de vista, fai falta un traballo previo, non? previo mesmo ó período de reflexión, a que se lle concede o período de reflexión, non? por xenerar, o que di ela, a confianza, quen che vai contar ese proceso traumático sen xerar confianza, únicamente as que veñen nunha situación desesperada... desesperada digo escapadas...” (G-2, pax. 49).

“...un traballo previo, outro tipo de metodoloxía, temos aquí unha posible vítima, ímoslle a dar a túa tarxeta ou ímola buscar, vamos, vén, queres vir comigo? senon, vamos a darche... vamos... primeiro protección e despois unha vez que estea xa protexida e un pouco tranquila, non? xa se pasa a facer a entrevista de detección...” (G-2, pax. 50).

“...nosotras las ONG sí que nos apoyamos mucho a la hora de firmar los protocolos que se nos tuviese en cuenta en la identificación de las víctimas, dificultades que veo? que nos están ligando las propias mujeres a la policía, cuando somos entidades diferentes y nuestra finalidad es diferente, que es muy difícil por no decir imposible si no ha habido un contacto anterior con la víctima establecer una relación de confianza en ese momento porque estás en las dependencias policiales (...) los intereses siguen siendo distintos, los nuestros como organizaciones que los de las fuerzas de seguridad, fuerzas de seguridad y fiscalía, investigación del delito por encima de todo y a costa de lo que sea, nosotros, nuestra prioridad es la persona... entonces, chocamos...” (GD-1, pax. 29)

“...porque aínda que ti te presentes como unha ong despois moitas te identifican como o avogado da policía...” (GD-2, pax. 49)

“...indicios de trata téñenos o 85% das mulleres, eu penso...(...)... varios indicadores non un só porque... non ter o pasaporte, non ter o pasaporte selado, non falar o idioma, sen liberdade...” (GD-2, pax. 47)

“...a min cando falan do billete este, que pagan 4.000 euros para vir de Brasil para aquí, ou tres mil e pico ou, que non teñan o pasaporte ou que o pasaporte o teña gardado o tipo do club ou o do piso...” (GD-2, pax. 49)

“...es que en el momento que va la policía, ellas le temen a la policía porque están muy aleccionadas con el tema de la policía, porque todas nosotras sabemos las que trabajamos directamente con ellas, que el primer miedo les mete... ellas no se fían de la policía...” (GD-1, pax. 36)

“...no estamos bien coordinados o a lo mejor sí que hace falta que nos coordinemos mejor...” (GD-1, pax. 39)

Sen un recoñecemento previo dunha situación non revelada existe poucas posibilidades de que a persoa potencial vítima pense en realizar unha denuncia e a percepción dos/as técnicos/as é que ademais, cando isto se produce a través do status de confianza que se establece coa persoa na que se empeza a traballar o seu asesoramento, o sistema ofrece moi poucas garantías de protección e asistencia: procedementos excesivamente longos nos que a revitimiza poñendo a proba a resistencia emocional da persoa en concorrencia co medo, a ameaza, a inseguridade, a perda de autonomía (se hai internamento) ou a convivencia nunha situación precaria permanente, no mellor dos casos (moitas prefiren volver a un contexto de explotación e/ou retrata).

“...y tu veniste porque sabías...” (GD-1, pax.10)

“...denuncia pero qué? denuncia pero non estou segura de que ninguén... que vaías a ter un apoio real desde o principio e fin que é o que non pasa, ó mellor ó inicio do procedemento sí, aí non sei... vas a fiscalía e sí que te atenden, vas a comisaría e sí que te atenden pero despois eso pérdese no limbo dos xustos e nunca máis, é un procedemento que ó mellor trae... estamos a falar de 4-5 anos e durante ese tempo a vítima non vai ter cobertura de ninguén, está totalmente exposta ó que lle queiran facer...”. (GD-1, pax. 4)

“...a práctica diaria non contempla casi nada, esa é a verdade! a práctica diaria me refírome os procesos xudiciais, á sensibilidade das organizacións, á sensibilidade da cidadanía, vale? entón para min forma parte todo do mesmo sistema que ten que ver cunha forma de violencia extrema contra as mulleres...”. (GD-1, pax. 8)

“...me da la gana de decirle no denúncies, o sea, no denúncies porque me parece doble exposición, un doble sacrificio, ya de pasarlo mal ya cuando alternativas no hay de ningún tipo, de ningún tipo... una procesión de interrogatorios, interrogatorios, interrogatorios, interrogatorios...”. (GD-1, pax.10)

“...la ley está muy bien pero la única protección real que se da es no salir los datos en el juzgado, (...) después la documentamos, le damos una tarjeta, le quitamos la expulsión, la documentamos y ahora qué? que hacemos? (...) ...nosotros estamos de acuerdo en que se equipare un poco o se meta dentro de la Violencia de género la Trata porque es... a parte de ser una forma de Violencia de género, no? entonces gracias a dios aunque no sé si las están dando, por ejemplo, el salario de liberdade, no?... lo que pasa es que no queda dinero, no? bueno, no queda, estamos en la coyuntura económica en la que estamos, vale? pero bueno, esa pata que falta de la ayuda social o más recursos sociales porque sino van a volver a lo que vuelven y a veces el retorno no puede ser...” (GD-2, pax. 52)

“...hay un camino muy largo en el que aparecen miedos, inseguridades y yo hago un poco de poli bueno y de poli malo, es decir, el proceso es este, es un proceso largo, vas a tener que repetir muchas veces una serie de acontecimientos que tu has vivido y que estás compartiendo conmigo y luego el final del proceso, yo no soy responsable de si te digo cuál va a ser o qué derechos vas a tener...” (GD-1, pax.11)

“...eu sufrín o delito e é irrelevante que eu recoñeza que o sufrín...” (GD-1, pax. 25)

na práctica non se está recoñecendo esa irrelevancia, priman os prexuízos que teña a policía, a xudicatura, a fiscalía, avogadas e avogados de defensa, etc, etc, prima sobre á irrelevancia...” (GD-1, pax. 25)

A implicación doutros axentes (sector sanitario) é de vital importancia para intentar corrixir os riscos que se asumen no contexto de explotación sexual nun marco xurídico cambiante e cada vez máis ríxido e inflexible.

“sí, sí... agora o réxime comunitario... un italiano non pode agora vivir en España se non acredita uns determinados ingresos, un italiano! xa non digamos...” (GD-2, pax. 61)

- “...y luego eso, los de la tarjeta sanitaria para los que no tienen papeles...

- la tarjeta sanitaria a nivel de esto... es un problema!!

- es que es un problema!!

- estamos hablando de relaciones sexuales, enfermedades de transmisión sexual!!...” (GD-2, pax.64)

“...hai muchos indicios sanitarios, vale? a nivel médico, que nos podrían decir quién es víctima de trata o... o sea, los médicos saben perfectamente que la persona que le está llegando ahí ejerce la prostitución y lo saben perfectamente y no hay un protocolo sanitario de detección de trata...” (GD-2, pax. 64)

A conivencia das institucións ante os casos de transgresións cuestionables da norma e ética profesional, nuns casos (clientelismo sexual entre os propios axentes policiais e/ou doutros estamentos así como a excesiva tolerancia cos proxenetas), ausencia de dilixencia no desempeño das funcións, noutros ou no peor dos casos, a propia corrupción (tanto pública como privada) é un grave problema do sistema que parece non establecen medidas nin actuacións exemplarizantes. Isto favorece a percepción de impunidade institucional por parte destes axentes.

*“...hasta hace cuatro días era un fiscal hombre, un juez hombre, policías hombres, todo hombres, que no dejan de ser incluso los mismos clientes, prostituidores, entonces siempre estamos en lo mismo: ¿cómo va a juzgar y a intentar apoyar a esas chicas si mañana está él consumiendo prostitución?...” (GD-1, pax. 10)*

*“...es representativo de que no hay previsiones para el tema de la corrupción...” (GD-2, pax. 51)*

*“...no se contempla tampoco que estos agentes institucionales también estén implicados porque probablemente en el caso de Lugo haya muchas más víctimas, no? pero vas a preguntar?...” (GD-2, pax. 52)*

*“...aún en el día de hoy lo siguen ocultando...[] yo creo que tiene mucho que ver con el tema de que los clubs son focos o de obtención de información de cara a lo mejor de persecución de otros delitos y por eso a lo mejor por... encontrarle una razón porque no...(...) []... a policía esta de base está metida, sí... porque cando empezaron neste fai bueno catro anos... pouco despois de empezar estábamos nun piso que chegabamos ó piso e as chicas non querían abrir porque estaban estranjería, diciannos e nós mellor! ábreonos que falamos con eles e os tíos estaban... non estaban traballando, estábanlle sacando fotos ós pasaportes, en plan, non é que témolos que quitar e sacándolle fotos!! y era... despois as coaccionaban en plan... nós denunciemos e tendes relacións con nosotros... vale, ese foi un caso: denunciemos!! y ese día, esos dous personajes non os botaron da policía, nin saíron no periódico nin nada, ós tipos trasladáronos de Comisaría” (GD-2, pax.54)*

*“...medalla de la denuncia pero non hicieron nada para detectarlo, me entiendes? había pasaporte, había traslado y había... muchos indicios, incluso esa chica les dijo tengo conocimiento de que estos dos otros chicos hicieron lo mismo con otras chicas, una es amiga mía que estaba sin el pasaporte, bueno: damos parte a extranjería, damos parte a extranjería, imos a extranjería e non deron parte a ningún sitio, entiendes? entonces bueno, o todos ou vamos muy mal y si quién lo tiene que controlar está metido, ya vamos mal... y lo que dije antes, y como el sistema no contempla que esté metido, claro!...” (GD-2, pax. 55)*

*“...yo creo la policía, la fiscalía, los jueces, bueno los jueces tienen más independencia pero todos ellos hacen lo que les mandan, la policía tiene esa actitud ante la trata de seres humanos y sobre todo ante la trata o explotación sexual porque es la orde que reciben, si interesase que fuera de otra manera y se estableciese mecanismos...” (GD-1, pax. 30)*

*“...moita xente que está imputada da Garda Civil na Operación Carioca cando se resolta o procedemento xudicial e tal, vanse a reincorporar, é dicir, qué pasa? tampouco pode haber un sentido moi crítico supoño dentro da... do... do propio corpo porque van volver convivir con esa xente, non?...” (GD-2, pax. 55-56)*

*“...es que no hay una sentencia ejemplar...” (GD-1, pax.40)*

A relación coa clase política maniféstase como decepcionante pola falta de recoñecemento da problemática no territorio, sobre todo, no caso de trata sexual (normalmente, négase) á que se suma a ausencia de concienciación social (complicidade co cliente sexual, que non se xulga nin se lle demanda responsabilidade ningunha).

*“...se o propio alcalde, nos vetaron dúas veces para falar de prostitución, vale? traballábamos con eles, coa mosca detrás da orela pero ben, ben... pero despois deixamos de traballar con eles, no concello, e nos cerraron as portas para calquera sitio para atender... se o propio responsable do concello, non hai prostitución en X, se non hai prostitución, non hai trata, vai desde X ata X, a ver cantos clubs hai... entón! non están... se os políticos non están polo labor... por tapar iso, non hai que xeneralizar pero...” (GD-2, pax. 60)*

*“...eles non cren nisto! e estou por poñer a man no lume...(...)... agora que tamén che digo que eles neste proxecto non cren, este goberno non cree, nin este nin o de Madrid, eh! vamos! téñoos máis que claro, transparente, nin nisto nin en todo que vaia vinculado a inmigración, non cren...” (GD-2, pax. 61)*

*“...iso é unha cuestión clave tamén para a identificación porque estamos desligando a identificación das vítimas do cliente como se o cliente non tivera ningunha responsabilidade e é o cidadán, a nivel cidadán é o máis responsable, a nivel cidadán...” (GD-1, pax. 26).*

• **Recomendacións:**

Ambos os dous grupos manifestaron de forma reiterada as seguintes indicacións para mellorar a resposta institucional ao tratamento da trata en Galicia:

- A falta de dotación de recursos xa foi mencionado noutros apartados pero dada a recorrencia nesta reivindicación volve poñer de manifesto a necesidade de aumentar os orzamentos económicos encamiñados a esta problemática: a escaseza e voluntarismo do que se ten que facer uso para dar resposta a moitos casos e proxectos desenvolvidos nas entidades non debe estabilizarse no tempo.
- Existe unha preocupación por asegurar uns servizos de calidade para dotar de certas garantías de continuidade os proxectos de intervención social en trata: non se circunscribir polo tanto unicamente ao ano de exercicio fiscal (establecer fases anuais dentro de compromisos máis prolongados).
- Houbo unha mellora dos actuais instrumentos tanto legais como sociais pero é insuficiente: necesidade dunha lei integral contra a trata e a creación dun órgano ou comisión de expertos/ás que velen e ofrezan un seguimento das actuacións institucionais no tema.
- A sensibilización da opinión pública e de todos os axentes implicados constituirían as áreas prioritarias de mellora.

*“...dotar de recursos, aínda que hoxe en día parece imposible, dotar de recursos para que non volva a retrata, aínda que non sexa a retrata que non volvan ós clubs, porque volven, non?...” (GD-2, pax. 67)*

*“... unha lei integral igual que a da violencia de xénero, igual para a trata...” (GD-2, pax. 69)*

*“- faría falta quenda de estranxería, formación polo Colexio de Avogados, unha quenda de oficio.*

*- pues lo mismo que lo hay para la violencia de género y lo mismo que lo hay para menores.” (GD-2, pax. 57)*

*“...una concienciación y después... (...) ... a lo mejor a priori un órgano colegiado dedicado, ahora que se lleva tanto la especialización, donde estuviese representado tanto la fiscalía, el poder judicial, como gente de las ong´s que se dedican a esto, es decir, los que van a perseguir esos delitos sobre el terreno se sientan observados...” (GD-2, pax. 56)*

*“... no hay psicólogas especializadas en trata, no hay unas avogadas específicamente para trata, no hay un policía para trata, o sea, como es el tema de violencia de género, que formen gente...” (GD-1, pax. 40).*

*“...a identificación da vítima e nese sentido o traballo coa policía o vexo fundamental, sensibilizalos porque penso, que cando entran nun club e nun piso non están buscando vítimas de trata, están buscando xente que está quebrantando a lei...” (GD-2, pax. 70)*

*“...hombre, también ahí el problema añadido es cómo articularlo a nivel probatorio, está focalizado prácticamente sobre las declaraciones de las víctimas...” (GD-2, pax. 58)*

*“...o rollo da sensibilización porque o que falabas ti antes de que si hai moitos agora que se fala moito de trata e tal pero tamén é iso sempre estamos os mesmos en toda a formación de trata e tal, as ONG!! non aparece un policía, non aparece...” (GD-2, pax. 55)*

*“... yo la recomendación que hago es establecer un sistema de protección en base a lo que las víctimas comparten con nosotros de las necesidades que tienen para tener... la seguridad desde dentro, es decir, un poco, como me devuelven algunas, no?...” (GD-1, pax. 41).*

### 3.2.3

#### Vítimas e presuntas vítimas de trata

Entrevistáronse 12 mulleres e 1 home que sufriron explotación laboral e sexual, na súa maioría, nun contexto de trata (11 dos 13). Cinco persoas interpuxeron denuncia e o resto decidiron non o facer (de entre elas, 3 foran vítimas fai 6, 5 e dous anos continuando posteriormente en explotación). Os dous casos que non foron tratados considerouse relevante o seu testemuño para exemplificar outros perfís dentro do contexto no que se poden atopar outras vítimas de delitos conexas: tráfico que derivado da débeda adquirida e a falta de oportunidades consentiu a explotación sexual durante un tempo e prostitución coactiva ou explotación sexual forzada dunha cidadá romana por parte dos seus compatriotas.

#### O proxecto migratorio: necesidade e ilusión (captación/traslado/explotación)

Nos casos entrevistados de trata con fins de explotación laboral e explotación para o servizo doméstico produciuse a agravante no caso laboral que unha vez liberado dos seus tratantes e axudando tamén ao seu irmán a pagar unha suma de 10.500 € pola promesa duns papeis que resultaron ser falsos, foi vítima de explotación laboral posteriormente cando estaba a buscar traballo en Galicia (os que lle propuxeron o emprego coñecérono nun comedor municipal para poboación en exclusión social). Dirixiuse á policía para denunciar o seu caso e é testemuña protexida. En ambos os dous casos a captación foi por un coñecido e/ou amigo da familia, un deles “profesionalizado” no tráfico e noutro abusando dunha situación de superioridade (clase media/alta de Brasil coa filla dunha ex, empregadora doméstica dunha coñecida e que xa realizara a mesma operación con outras persoas).

“Alí”, marroquí de 31 anos (divorciado e sen fillos) estivera 10 anos en Italia anteriormente á súa chegada a Galicia, no 2008. Emigrou polo tanto moi novo no seu afán por prosperar:

*“...buscándome de la vida y recordando lo que me decían siempre los padres... con mucho cuidado, con mucho cuidado, no hagas daño a nadie, no te acerques a las drogas, no te metas con nadie, no robas, no tal... pero bueno, ya con eso me ha dado una experiencia, he sufrido varios tiempos sin papeles pero gracias a dios que yo... yo un día que apareció la luz, que he tenido papeles y he seguido mi vida...” (L-1, pax. 179).*

E para iso recorreu á “axuda” dun amigo do seu pai:

*“...conocía a mi padre, son amigos, le ayudó mi padre a muchas cosas y bueno pues un día, habló mi padre con él, a ver si podía solucionar algo para este chico, te pagamos los gastos, iba la gente... un montón de gente que ha traído, eh! es que... no sé que me ha dicho que eran como doscientos y pico y que al parecer solo en la justicia y bueno...”*

*[E] doscientas personas?*

*[L1] síiii, y le he dicho a mi padre prepárame el pasaporte todo que no va a haber ningún problema, yo les voy arreglar papeles y todo...” (L-1, pax. 178)*

*“... me dijeron 600 euros, cuando me llevaron del... cuando me llevaron del albergue, porque allá es donde conseguían gente de allá, pobre, que no sabe... tal, te vamos a dar 600 euros, yo no he vuelto a hablar, yo dije: 600 euros? me encanta! 600 euros al mes? la gente no está trabajando, yo también tirado, estando ahí tirados... yo voy a elegir, a querer más? por que? noooo, por 600 euros, aunque me den 400 euros, me da igual... voy a trabajar!!... (...)...cuándo la cosa andaba mal que... no, no era, me dijo: no, es que no, te equivocaste... eran 600 euros a cuatro meses!! estaban calculando... no sé que estaban haciendo así como tal, es como que... por decir... 120... o no sé... si llegaban a 100 euros, no me acuerdo, como estaban calculando ellos...” (L-1, pax. 173).*



No traballo non tiña horario e a súa dispoñibilidade era de 24 horas e en condicións lesivas (sen hixiene nin comida axeitada).

*“... de noche también, si, de noche... bueno... de noche, me manda hace como que: vete a dormir una hora, una hora... o una hora y media o dos... y luego vuelve..”*

*-y donde dormías? ...no, en el camión, cuando ya estaba descargado... dormía en el camión...” (L-1, pax. 174)*

*“así ha sido la cosa, aguantando, aguantando...(...) yo he visto cosas... no es que estoy mintiendo... fuimos no sé por qué era, qué pasaba? se rieron entre ellos y me dijo, mira, yo llevo aquí treinta y cinco años, todo el mundo me conoce, claro, te conocen como un traficante y les das miedo por eso... pero yo no continúo, de verdad...” (L-1, pax. 176)*

*“...yo he pasado momentos malos en mi vida, con esa mafia, con esa mafia... no sé porque dios me metió en otra mafia, digo: mi vida va a acabar, un día o otro me van a disparar por la calle, un día o otro me van a mandar a alguien...” (L-1, pax. 176)*

*“yo le he dicho, por favor, que me dé solo mis papeles, me largo de aquí... no quiero que me paguen un duro ya, no quiero ni un duro, dinero de ellos...” (L-1, pax. 178)*

*“...he sido un estúpido, de haber pagado toda esa cantidad que me pedía y al fin ha devuelto los papeles y los papeles no valían para nada, nada, nada...(...) yo aguantando yo solo, luchando y corriendo...” (L-1, pax. 180).*

“Ana”, brasileira de 24 anos (solteira e sen fillos) estaba a estudar no momento en que unha amiga da familia para a que a súa nai traballara moitos anos no servizo doméstico lle propuxo virse a España e que lle axudaría a buscar traballo:

*“...entre umas coisas e outras acaboume convencendo e ela chegou pra min diziu: eu toute providenciando co meu marido, emprego para você... você não vai ficar desempregada... (...) ele lle soluciona todo o papeleo, traballo e formação... i você chegando alá eu te vou ajudar a desenvolver, você vai poder ajudar, ajudar a sua familia, esa coisa tuda... aí eu acabei aceitando... ha, outra coisa que ela deixou bem clara, não comente con ninguém (...) que não comentase con ninguém a minha viagem...*

*[E] ela proporcionou o bilhete de avión para você?*

*[L2] todo, pasaporte, passagem, todos os gastos da viagem foi con ela, eu não gastei nada... y simplemente, foi pelo o que ela me dize, comentei, sim mais pouquíssimas pessoas, comentei cun rapaz que é un grande amigo meu, que me deu un apoio... despois con dúas, tres pessoas na escola, onde eu estudaba... (...)*

*[L2] comentei con tres, quatro pessoas, que estaba saíndo da escola, saíndo do país, que ía conseguir un traballo, que ía seguir estudando... ahí esas poucas pessoas para o que eu comentei, me deron apoio, va! seja feliz, faza o que você teña que fazer i quando você voltar... quando você voltar vamos a estar esperando aquí por você... me deron aquele apoio necesario que tuda pessoa precisa quando vais sair de casa... i ahí... esas poucas pessoas me deron o apoio, né!...” (L-2, pax. 181).*

Estivo case 3 anos en situación de irregularidade administrativa, illada (na casa da empregadora e sen apenas contacto con outras persoas), sen liberdade de movementos (coaccionada e supervisada) e sometida a explotación no servizo doméstico polo que non percibiu ningún salario nin compensación ningunha.

*“...todo o que se imagina ela me contaba, eu acreditaba ate que... inclusive quando cheguei fiquei um ano, um ano e meio máis ou menos, que contactaba co Brasil quando ela quería...” (L-2, pax. 181)*



*“eu fazo todo que uma dona de casa ou uma doméstica faz, todo!” (L-2, pax. 181)*

*“... eu não tenho horario, pra sair, pra chegar... não tenho hora pra nada, é aquela... paso o ferro, fico cos meninos, se ela ven do trabalho, fico cos meninos, se ela vai o mercado, fico cos meninos, quasi nunca saio, quando adoitase sair é con eles i...” (L-2, pax. 181)*

*“ela me deixaba livre porque ela sabía que eu não tinha escolha...” (L-2, pax. 184)*

*“...eu não quero ficar aquí, que é tar perdendo o tempo, perdendo escola, sem trabalho, sem nada, não... não... não tinha, não tenho como seguir vivendo aquí porque aquí não tenho nada, não tenho a ninhem, não tenho emprego, não tenho escola, não tenho familia... não tenho nada en absoluto! então que aquí não é o lugar pra min... i eu voltando pro Brasil, eu tenho amigos, tenho escola, tenho parentes, eu tenho todo porque aquí ate o curso de... de escola de idiomas incluso arrende muito pouco... ela chamou pra min que o curso não era seguro porque como eu tou ilegal... (...) embaixo, no predio, onde ta curso, ten uma comisaria de policia y que eu correría o curso de ó entrar, ou ó sair, do curso a policia me pega i me levar i me deixar detida, pelo fato de tar ilegal i inclusive me... inclusive... ela me dixe que pasase sen pasaporte porque diçe que se a policia me pillase na rúa con pasaporte, ser uma situación de me deportar... (...) eu como o principio tinha medo de que iso me ía acontecer, ahí saía sem documento mais entre uma mentira e outra que ela ia contando, eu ía xuntando as peças dacordo cos contatos que eu tinha no Brasil i vía que não era nada do que ela taba diçendo... de ahí que eu començei a erguer a cabeça...” (L-2, pax. 184).*

Nos casos entrevistados de trata con fins de explotación sexual, na súa maioría, eran coñecedoras de que a actividade que ían desempeñar en España estaba vinculada á prostitución ben de forma directa ou indirectamente pero noutros casos a actividade que ían desempeñar non estaba relacionada co exercicio da prostitución: acordábase traballar no club como limpadora e/ou cociñeira maiormente; outras facendo “alterne”: promovendo que os clientes bebesen copas e as invitasen a elas polo que levarían unha porcentaxe das ganancias e todas elas endebedáronse entre 3.500 € a 4.000 € no caso das brasileiras e paraguaias (tamén 6.000 €) e ata os 10.000 € no tráfico engadido das dominicanas.

Este foi o caso de “Pilar”, brasileira de 32 anos, solteira e sen fillos:

*“...ela me dijo: vete a Portugal porque eu coñezo o home, o home vaiche deixar você trabalhando alí, você vai no meu lugar porque era pra min máis que eu tou cum problema na xustiça, você vai no meu lugar, que é para limpar o clube, você não vai trabalhar porque eu non valo pra iso, eu falei pra ela, máis você vai polo menos tres meses, porque eu me tenho que operar do ril, você vai recuperar ese... porque entrei... você nun mes consegue tres mil euros, non sabía el cambio... como era iso...” (S-2, pax. 199).*

*“...e falou pero tú no vales para limpiiar, tú vales para ser puta, falou así pra min pero eu vin para limpiiar a casa! o establecemento, non? non tenho nada en contra, a min que cada ún faza o que quer de su vida pero yo vi para limpiiar, no? axudar no que poida porque a chica dou para... e como trabajar a min me gusta trabajar, no, no, no pero tú no vales para eso... y yo no ví... pero yo no tengo roupa para esto!! yo no... no séi, no? no, no, no, podes deixar aquí, que eu te ensino... (...) pero yo nunca trabajé en esto! y... se arregla que tal hora hai que estar no salón!!, vino una chica y... tienes que trabajar (susurrando) si ele di que tes que trabajar, tranquila que a xente vaite axudar, digo vai... total, ja tou aquí, tenho que pagar tres mil de... de pasagem, non? tres mil de pasagem...” (S-2, pax. 201).*

“Xoana” de Paraguai (23 anos tamén solteira e sen fillos) explica como foi a decisión de virse coa súa prima:

*“no, yo no sabía, sólo eran de contactos, de vista sí, cuando venimos le vimos... vimos y venimos,...era todo normal para nosotras, normal y tranquilo, como si fuera una cosa normal, porque nos dijeron una cosa... que íbamos a trabajar y teníamos dos opciones de trabajar, de doméstica, que íbamos a ganar mierda ahí nos dijo, nos metía cosas en la cabeza y... si trabajábamos en un club, con copas, con clientes, íbamos a ganar mucho más, entonces elegimos lo de la copa, no? como nos metía tantas cosas en la cabeza...”*

[E] y qué os decían?

*[S1] que se ganaba unos tres mil euros por noche y nosotras pensando eso... y bueno, aceptamos y llegamos al club... llegamos y ya comenzó todo, nos sacó los pasaportes, nos metió en una habitación, quince días estuvimos ahí, no queríamos trabajar porque vimos que era otra cosa, era una cosa... como se dice? una cosa distinta...” (S-1, pax.185)*

*“... éramos clase media, no éramos tan pobres... nada! y entonces yo decidí venirme para independizarme sola, así... para no estar siempre a cargo de mi madre y tal...” (S-1, pax. 186)*

*“[S1] me costó... al principio me costó dos mil quinientos euros, luego nos subió, luego nos vendió a otro club que nos subió cuatro mil euros... nos subió cuatro mil euros, el billete, teníamos que pagar si o si porque hipotecamos la casa nuestra.” (S-1, pax. 186).*

Outras coñecían que viñan a exercer a prostitución pero sen sospeitar a dura viaxe e condicións de explotación que as esperaban:

*“...y había máis chicas no avión pero nosotras non... nosotras... porque le digo, no levanta! siempre ligando sentanda, fizemos ir de Mato Grosso, Cuiabá, para São Paulo, em São Paulo tiñamos outro chico alí esperando, sabe? que entregou documento y falou, vocês fiquen así... moito... tenten pasar como nada, se alguém ven hablar con vosotras não hablen, fiquen quietas... que vai encontrar uma pessoa que dende o avião vai a dar instruções para nosotras, pero nosotras quedamos alí sentadas y parece que a chica non vía a nosotras, nosotras sentadas alí y liamos... y chegamos en Francia, en París, non? nos perdemos alí y quando encontrou a nosotras ja era tarde, muy tarde y ele vau, vau, vau, vau e fomos para un carro, uma furgoneta e había máis... uff! seis, siete chicas non me acordo ben, había muchas y dalí fomos directas a Portugal, de Francia a Portugal não... na furgoneta...” (S-2, pax. 200)*

*“...tú sabes que siempre hay personas que hacen estos viajes y otra gente pues por ejemplo yo te lo digo a ti, tú dices mira! que... siempre es por otra persona, nunca te lo habla la persona... no te dicen directamente ni tú hablas directamente con esa persona porque si te pasa algo y... tú lo dices a tu familia pues hay problemas...” (S-7, pax. 264).*

*“yo vení con... con una mafia colombiana... con una mafia colombiana... hay muchas, yo vine...(...) sí, sí, para tener trabajo pero no... yo tuve que me prostituir, trabajar duro en club y pisos o lo que sea para poder pagar, porque eles quitan la documentação, você não tem alí case nada, ca chegada até você terminar de pagar...” (S-3, pax. 215).*

No caso das dominicanas, o traslado realizábase a través do tráfico organizado polas rutas: Santo Domingo-Punta Cana- Amsterdam-Estambul-Grecia (camiñando)-Atenas e Madrid ou San Domingo-Nicaragua Holanda, Holanda, Turquía-Grecia-Italia.

*“... hay unos viajes que lo hacen que uno tiene que pagar tanto y ahí te resuelven todo, yo no soy responsable si tú te quieres meter, tú te metes si no y dice ella yo te lo digo a tí y se lo digo a unos cuántos porque nada más que yo venía en un grupo de... y del grupo nada más nos llamaron a dos cuando llegando aquí a Turquía, que nos dejaron ahí, a la otra chica la dejaron y le quitaron... le quitaron todo, le sacaron... (...) le sacaron dinero... porque era no quería... le decían que tenía renovación falsa, que tenía que dejar dinero al... y ella nada, nada, nada y ella... ella no cedía... entonces supuestamente ella después de que yo llegué a donde yo estaba nos juntaron y ella llegó como así... tenía ... (...) estaba dando gritos, le habían quitado todo, después*

su familia reunió el dinero que era la hermana de la que nos dijo de ir de viaje... la hermana, era la hermana y a ella le quitaron todo y gritó ahí y duró muchísimo tiempo también ahí en Turquía y después le reunieron más dinero para poder ir porque entonces ese dinero que se le dió a ese hombre, ese no apareció ni nada... ahí tenía uno que buscar a otra gente para poder darle dinero para que cruzara, pa cruzar a uno de... de ahí... del riño que pone ahí de cinco minutos que pone Río Grande: mil quinientos euros!! na más para cruzar, por un monte, sin llegar en avión ni nada porque supuestamente que hay que cruzar la aduana, que esto, por lo que... eso montaban ellos en un taxi cuando uno llega entonces encuentra los montes y encuentra los ríos, que mucha gente de esas cosas se han abollado y se han ahogado y se han muerto muchísima gente y también de que ellos mismos, lo que tiene la cosa de que le van guiando la... la cosita... los hundén, los hundén... los ahogan... los ahogan cuando van así que llevan mucho peso y que los van tirando..." (S-4, pax. 235-236)

"...yo duré cuatro meses en un país que le llamaban Nicaragua y de ahí me devolvieron, después me mandaron por Grecia y ahí caí presa, nos metieron por el monte (...) ... y nos mandaron para acá pero yo pasé mucho, mi papá dando gritos y cosas, yo pasé muchas, muchas... yo me metí en eso y me he deseado la muerte y todo eso..." (S-5, pax. 243)

A explotación sexual pasa a ser tamén unha actividade ligada ao tráfico para poder continuar coa viaxe e os pagamentos que implica en cada fase deste:

"...cuando tú vienes aquí ya ellos se desintegran de ti, entonces vienen otras personas y te hablan otras cosas, tu me entiendes? porque ya ellos conocen dinero allá pero aquí es otro dinero, entiendes? hay otro dinero, porque si fuera una visa, que tu te montas en un avión y... tu sabes que no vas a dar más que hasta ahí, llegué... ya estoy... pero los pasos tú los tienes que dar con dinero, hacerlo con dinero los pasos, cada paso es con dinero... que no es más lo que tú allá sino lo que te queda en el camino pero una visa es diferente..." (S-7, pax. 269).

Unha vez no seu destino, a explotación sexual maioritaria é para clubs de alterne, localizacións moitas veces illados e do que non se ten liberdade de movementos, as condicións son duras e extremas sen apenas relación coas outras mulleres integrantes do club.

"...porque se pode dicir que un club que aquí na Espanha é como uma casa: cada esquina ten um! (...)...para quién pensa que no Brasil que Espanha é un mar de ouro, não é!" (S-9, pax. 290)

"...era apartado... era porque... quando saímos eu miraba pola ventana, así, que era practicamente eran... tres arriba, no medio e o sótano, nosotras quedabamos no sótano... as que chegaban como debían pasagem quedaban alí porque se cerraba, tiñas un corredor coas habitación e eles quando entraban para dormir eles cerrábase a porta y saíamos sólo quando eles abrían... aí quando saíamos para comer, eu mirei... só tiña pe de uva, así... agora sei o que é pe de uva, non? porque eran unhas ramitas... muchas ramitas, ramitas, as ramitas eu miraba... não vía casa ningunha, eu miraba para outro lado, não había casa ningunha..." (S-2, pax. 202)

"...tiven un tempo onde o club ficaba todo trancado, todo trancado, você não podía saír, abría o club na hora que era para abrir o club, aí si y as veces eles deixaban saír para andar un pouco na beira da praia ou na praia ou quando você fazia pases você tinha que sempre avisar mira, abra a porta que eu tenho que saír, a cozinha as veces taba trancada, você levantaba pela mañana não tinha coisas de comer, só era a cena y as veces quando cerraba o club, o desayuno..." (S-9, pax. 288)

"...non faza iso, por amor de deus, que ele vaiche matar... hai... ahí na frente... você ve aquela piscina... alí tenhen brasileiras que... mortas... ne... mataron... non faza nada para ele, você tenta levar, eu dicía eu non sei, eu non sei fazer iso..." (S-2, pax. 204).

“...entré por Bilbao y me recogió un coche con un chico, venían conmigo dos más y nos llevó a un club, en Asturias... allí llegamos... al llegar nos bajaron a la oficina y cada una porque no todas juntas y nos dijo que teníamos que una deuda de tres mil setecientos euros (...) si y aparte de eso nos pidió el billete de vuelta y el pasaporte y nos dijo que teníamos una deuda que cumplir con ellos, que eso teníamos que pagarlo y después nos mostró el salón y nos dijo cual era nuestro trabajo, que teníamos que pagar todos los días cincuenta euros de casa y...” (S-8, pax. 275).

### Permanencia e saída da situación de trata: a denuncia.

En moitas ocasións confésaselles a situación aos clientes coa esperanza de que ofrezan axuda ou noutras, aos traballadores do club, outras mulleres, etc. A persoa resiste nun contexto de violencia a pesar da conivencia de todos eles/as e á espera de que xurda unha posibilidade de fuxir ou se poida vencer a débeda adquirida e recobrar a liberdade.

“... le contamos a un cliente, a un cliente le preguntamos llorando... así, sabes? yo... querían hacer cosas y a mi se me caían las lágrimas y ellos me secaban y seguían haciendo... si...” (S-1, pax. 190).

“los clientes... los clientes nos trataban muy mal... muy mal nos trataban... pero el jefe no nos decía nada, él con tal de ganar su dinero, a nosotras que nos pasaba ahí... él con tal de ganar su dinero.” (S-1, pax. 191).

“...me pasaban tantas cosas en la cabeza, tantas cosas que no... que yo me desesperé, no sabía que hacer hasta querer quitarme la vida... eso... un mes que pasamos ahí nos marcó tanto que si pasábamos muchos más... no sabíamos que iba a ser de nosotras...” (S-1, pax. 192).

“...muchas veces hice salidas con viejos así pero no eran colocados, eran viejos así... como se dice? que iban así... que iban... yo no sé si pagaban por mí... seguro que pagaban, claro! pero yo nunca vi un dinero ahí, nunca... hasta que nos escapamos teníamos veinte euros fue una propina de un cliente que no dijimos nada porque si decíamos nos lo sacaban ellas, o sea, lo guardábamos bien, bien el dinero porque ellas nos revisaban el cuarto todo... no podíamos encerrarnos en el cuarto ni nada...” (S-1, pax. 197)

“un cliente dela porque era máis espabilada e tinha máis trato cos homes porque... negação, ela dizia, o cliente foi e dou o celular dele, por cada un dese celular... para que se necesitaba, que iba poner nunha recarga, no? explicou pra ele, eu vou intentar ajudar nosoutras y foi... que nos ligan para o Brasil y alá entrou en contato con esa chica y efectivamente, pero donde está X, que é o que fai X, X tá aquí, e como está X, X pasou por tal, pasei a puta, pero é que X nunca foi! puta aquí no Brasil, aquí... en Portugal y eso, eso, eso y ela... insultaba en portugués... ei, hijo de puta, porqueee... eu falei pra ele que ela iba pra ahí para hacer ese mi trabajo pero non pude ir, tal, tal, tal y... ele non quiso saber...” (S-2, pax. 205)

“...no, nunca y yo me venir pacá y digo bueno, qué voy hacer? ya estoy aquí y nunca tiven coragem de denuncialo... nunca, es que yo tenía medo, hay mucha mafia aquí, las amenazas, que disque vai quitar sus hijos, su madre, su familia, quién no tiene miedo? yo tenía mucho miedo, entiende? então eu preferín fuxir... yo venir para acá...” (S-3, pax. 216).

No caso de “Yudith” (cidadá romanesa de 19 anos) que foi vítima de explotación sexual baixo coacción, a axuda recibida por un cliente, rapaz de similar idade, ao que lle confesa a súa situación resultou clave para asumir a forza e o apoio que necesitaba para afrontar a decisión de intentar fuxir, denunciar e iniciar o seu proceso de recuperación.

“... conocí a un chico español, es de aquí de Galicia que fue al piso y me vi que casi estaba llorando, que no, que no... no podía aguantar más y me dio doscientos euros para quedarse dos horas conmigo, para contarle todo lo que pasó y bueno, ella no se dió cuenta de que es un cliente o así porque no era el

*primero que pagaba estos dineros y me dijo mira, no te toco, no te hago nada, sólo quiero que me digas qué te pasa, porque tú aquí... me lo djo, sin decirle yo qué me pasa, me dijo: tú aquí no estás porque tú quieres porque tú tienes algo que te duele mucho y no puedes decir a nadie de miedo, confía en mí y dime... no podía confiar tanto porque me daba miedo, no sabía quién es, lo ví la primera vez y bueno, empecé a contarle, no le dije mi nombre de verdad porque todavía tenía miedo y... después que se fue... bueno, se quedó estas dos horas, le conté todo, todo lo que me pasó, me dijo que me va a ayudar, que si quería salir de verdad de eso, me va a ayudar". (S-11, pax. 301)*

*"...e todo o mundo sabía que unha romanesa e que o rapaz que me fixo dano e me obrigou á prostitución é o meu paisano, é o peor que... fósese outro, portugués ou doutro país pero o meu paisano, é algo "... (S-11, pax. 307).*

En calquera caso, pensar en denunciar é permanecer nun novo "contexto hostil", de loita constante de supervivencia. O medo ante as ameazas e a inseguridade permanente unido ao desexo de esquecer e prosperar fai que en moitas ocasións non se teña en consideración a denuncia e cando se toma esa decisión é motivada por verse como a única alternativa real para saír da situación na que se está inmerso/a:

*"...es que yo... en ese momento necesito ir a la policía porque yo quiero escapar de allá, que no me pagan nada, mis papeles no sé si están quemados, no sé si están... yo fui también por esos papeles, en el juzgado me dijeron: donde estuviste ayer todo el tiempo que estuvimos buscando por tí? ha llegado la respuesta de X que tenías los papeles, estábamos buscándote y no estabas, bueno, vete a junto X y llévale esos papeles, lleva unos papeles y llévate estos papeles a la comisaría y ahí cuando yo he soltado todo (...) ... te voy a mandar dos policías contigo que te van a llevar a recoger tus cosas, si voy yo solo me matan, seguro... segurísimo... porque yo he aparecido, estaban esperando y cuando han visto a la policía salir del coche, con el... se metieron en el coche y se escaparon... y fueron allá porque había otra gente que estaban trabajando... ay, no sé... igual que yoo, fueron a decirles que si se larguen de allá... claro, había... había cuatro más..." (L-1, pax. 177)*

*"...vou ata o final porque vou me sentir máis segura se eles van presos porque son presos e me sinto máis libre... y foi así, según ata o final, foi o último xuíz y foi cando me enterei que eles foron presos pero... buff! pero despois me enterei... tres anos atrás, tres anos?... anos atrás... que eles estaban soltos, o dono, que estaban en Portugal, a cargo do clube... y yo... me quedé... que muita xente non sabía porque fomos testigos protegidos, ningún comentaba nada, sabes? só os policíaís, non sabían... e o dono do clube y ningún máis... cuando tenías que venir a X declarar, algunha coisa yo... decía que viña a peluquería... (S-2, pax. 212).*

*"...dende alá ate aquí, eu a conheço suficientemente para saber que ela é vingativa e se fixese qualquer coisa de fazer, perxudicala ou envolvela en alguma coisa de genero... era sería capaz dalgunha coisa... então..."*

*(L-2, pax. 184).*

*"...porque el me engañó a mí!! y yo eso se lo dejo a Dios... tú sabes que esa gente son gente grande y dan para hacerle daño a la familia de uno... yo estoy aquí pero mi familia está allá y si uno le hace algo da para hacerle algo a su familia, tú sabes?..." (S-5, pax. 248)*

*"...nunca pensei non, me decía... si tu quieres denunciar... denuncia pero non sei qué pero ela está en Brasil, yo no sé ni donde está, X que se chamaba a señora esa... brasileira..." (S-6, pax. 260)*

Unha inadecuada intervención institucional pode colocar ademais en situación de maior desamparo e vulnerabilidade a persoa vítima, que se percibe permanentemente cuestionada e desprotexida. Este é o caso de "Andrea" que sendo testemuña protexida por trata recibiu posteriormente a imputación dun delito por colaborar cun policía detido por corrupción:

*“...si, yo lo dije todo, lo que pasa es que como Lugo tenía unas cosas raras que nadie sabía como era, justamente yo vine a presentar la denuncia allí, entonces cuando cayó este policía y justamente yo lo conocía involucraron todo el tema... (...) pero igual, me dejaron imputada” (S-8, pax. 281).*

É habitual atopar con testemuños de mulleres que afirman obter trato de favor dalgúns policías ou como afirma “Lara” (cidadá de Paraguai de 27 anos), ou afacerse a declinar amablemente os seus constantes convites:

*“...me detuvieron y luego vine, me dijo la poli, te voy a llevar a donde ayudan a las mujeres, me dice... y me dice, dame tu número que cuándo salimos, salimos un día por ahí, me dice... y le digo yo, no... no puedo, no sé... dame, dame tu número que así salimos por ahí un día, me dice... después de sacarme del calabozo, me dijo y le dije yo, no, no, que yo no quiero... toda la tarde ligando conmigo... aquí en frente de la señora, me dijo...” (S-10, pax. 296)*

## APARTADO 4: CONSIDERACIÓNS FINAIS E RECOMENDACIÓNS

*"...isto moitas veces o igualo ós incendios forestais, non?... (...)...no dous mil seis moitos incendios chegaron case, case a porta da casa, entón a xente involucrouse e iso xenerou... o Prestige non estaba moi lonxe, esa... concienciación... se creou outro clima, outra crise ambiental e encima o lume estaba encima da miña casa, eu creo que aquí nos pasa igual, o problema non o temos na casa... nin cerca... está noutro lado, alí... naquela nave, nun puticlub, de mulleres que nin sequera se relacionan co pobo, viven illadas... a xente non coñece a súa problemática... non o vemos... nin nos importa" (P-5, pax. 118)*

### Consideracións finais:

Definiuse inicialmente trata de persoas como un fenómeno "poli-contextural" derivado da xustaposición de contextos confluentes e o traballo de campo realizado para o presente informe púxoo de manifesto de forma máis contundente. Ás múltiples problemáticas asociadas á trata de persoas súmanselles as problemáticas conxunturais das distintas institucións que deben dar resposta ao fenómeno e que ademais converxen nun contexto de recesión económica e de grande vulnerabilidade social.

Tívoise a oportunidade de explorar grazas á participación de 31 profesionais pertencentes a distintos estamentos clave no tratamento que hoxe se está a realizar contra trata de persoas en Galicia a situación, abordaxe e dificultades que entraña este fenómeno na nosa comunidade ao que se suma o coñecemento de 13 experiencias que estiveron inmersas nunha situación de trata e explotación laboral/sexual. Con iso, puxo de manifesto algunhas fortalezas pero tamén debilidades entre as distintas institucións responsables da atención/asistencia e identificación/protección das vítimas e potenciais vítimas de trata. Así mesmo, existen factores externos vinculados á percepción social deste fenómeno que xogan un papel clave en todo o proceso e ciclo de trata pero maiormente na identificación da persoa vítima: a súa dimensión de violencia de xénero non é apreciada por moitos actores e cando existe minimízase e pode estar invisibilizando tamén os homes vítimas.

Nunha análise preliminar da situación, empregouse unha ferramenta xeneralizada en moitas institucións que axuda a atopar factores estratéxicos críticos que unha vez identificados se usan para apoiar o cambio organizacional (DAFO<sup>45</sup>). Con iso preténdese facilitar a toma de decisións estratéxicas que axuden a optimizar e mellorar o funcionamento dun sistema e pode ser un bo xeito de contextualizar este apartado para posteriormente abordar as principais recomendacións técnicas para mellorar a resposta institucional.

### Xerais:

1. A invisibilización de trata de persoas é manifesta na carencia de datos e rexistros específicos con perspectiva de xénero e imposibilita un coñecemento da dimensión real do fenómeno así como da construción dun plan de acción-intervención acorde coas súas características.

<sup>45</sup> DAFO: Técnica que aborda a capacidade prospectiva do diagnóstico social, é dicir, de planeamento de estratexias de futuro operativas a partir da análise da situación presente. O método DAFO consiste basicamente en organizar a información xerada a través dunha dinámica grupal ou de investigación nunha táboa de dobre entrada que sitúe esta información en función das limitacións (debilidades e ameazas) e as potencialidades (fortalezas e oportunidades) que proporciona un colectivo ou unha situación social determinada. Desta maneira, obtense información dos aspectos positivos e negativos dunha situación concreta tanto para o momento presente como para o futuro dando a coñecer as estratexias de corrección (debilidades), afrontamento (ameazas), mantemento (fortalezas) e aproveitamento (oportunidades). (Cimas, 2009).



2. Tendo en conta esta carencia e á luz dos datos e entrevistas realizadas pódese definir un perfil diferencial para a persoa vítima de trata laboral baseado no xénero e a nacionalidade (laboral: homes maiormente de Marrocos e Senegal) e sexual (mulles maiormente de Brasil e Romanía). O contacto dos tratantes coas vítimas é máis selectivo e asociado ao ambiente familiar e de amigos/coñecidos en caso de trata sexual e usando ademais axencias ou outros intermediarios sen vinculación emocional coa vítima, na laboral. O tratamento de ambas as dúas tipoloxías tamén é diferente no procedemento de identificación e asistencia ás potenciais vítimas en consonancia coa tolerancia social existente coa explotación laboral (menor intensidade) e sexual (maior intensidade).
3. O novo marco normativo-legal en España (a recente proposta de lei tamén segue esta liña) clarificou conceptos e constitúe un grande avance nas ferramentas lexislativas para a persecución do delito pero é insuficiente e séguense presentando confusións na práctica. A especialización de Fiscalía en materia de estranxeiría reforzou este labor e dotou estas ferramentas de maior efectividade pero é necesario liderar e desenvolver unha maior colaboración entre os actores competentes (Policía e ONG).
4. É necesaria a implicación de todas as ONG especializadas en trata (hai excepcións) involucrándose de forma activa nos procesos de identificación das vítimas (de forma proactiva, en consonancia cos fins de cada entidade e superando o rol subsidiario e meramente humanitario) configurándose como un actor colaborador significativo a través dunha participación consecuentemente procedimentada.
5. Tal e como apuntan informes do Consello de Europa (UNODC, 2010) é unha realidade que existe unha forte vinculación entre corrupción e trata e é imprescindible vixiar o súa incursión tanto na Administración pública como na privada. Resulta conveniente un tratamento dos casos detectados con transparencia e seriedade.
6. O contexto máis habitual no que se desenvolve a trata de persoas é o transnacional (existe unha forte vinculación entre o tráfico no que as vítimas se ven inmersas e o ciclo da trata) polo que é conveniente e necesario desenvolver estratexias de cooperación internacional e traballar conxuntamente coas institucións dos países de orixe das vítimas e potenciais vítimas de trata.

#### Específicos:

7. Relativo á confusión de conceptos:
  - a existencia de tráfico previo ou a decisión de iniciar un proxecto migratorio autónomo invisibiliza a existencia de trata no traxecto ou unha vez chegado/a ao seu destino (na maioría de casos, de servidume por débedas).
  - a inconcreción do termo de vulnerabilidade (sen avaliación nos instrumentos) posibilita a súa inoperatividade e non é tido en conta na práctica: a existencia de “consentimento” invisibiliza ás potenciais vítimas en contexto de explotación sexual.



#### 8. Relativo á identificación das vítimas:

- a gran diferenza de cifras existente é reveladora sobre a concepción e procedementos na identificación de vítimas: a detección da poboación de risco de trata en contexto de explotación sexual en Galicia é de 605 mulleres das cales un 30% pertencen a cidadás brasileiras (segundo a Garda Civil) sendo as vítimas identificadas, 2 (denuncias das vítimas). As cifras ofrecidas polas ONG que traballan directamente no mesmo contexto detectan un maior número de vítimas de trata (sen denuncia) que a poboación de risco rexistrada pola Garda Civil suxerindo que a resposta institucional é inadecuada, escasa e que existen deficiencias no proceso de identificación. As cifras facilitadas pola Subdelegación do Goberno en relación coas expulsións incoadas por estadía irregular no ano 2011 en Galicia (e sen contabilizar Lugo): 620 expulsións das cales un 17% pertencen a cidadás brasileiras esixen maior transparencia no procedemento de identificación das vítimas por parte da Brigada de estranxeiría. Ponse de manifesto avaliar e reelaborar os instrumentos utilizados baseados unicamente nunha entrevista-test realizada de forma illada á potencial vítima nun contexto hostil ou de explotación, na maioría dos casos. A identificación debe ser entendida como un proceso que leva consigo tempo e asistencia especializada.

#### 9. Relativo ao procedemento penal:

- a dificultade do procedemento xudicial derivado do testemuño da vítima como única proba de cargo eficiente (e a pesar da boa práctica da proba preconstituída) pon de manifesto a necesidade de obter probas incriminatorias baseada nas actuacións policiais orientadas á investigación proactiva.
- os casos de trata poden estar sendo perseguidos como outro tipo de delitos conexos e imposibilita con iso un axeitado tratamento ás vítimas (asistencia e protección) e aos tratantes (penas ridículas).

#### 10. Relativo aos axentes sociais implicados:

- Detectáronse carencias formativas nos axentes competentes na materia existindo un desigual e fragmentario coñecemento de trata. A perspectiva sociolóxica e de xénero son determinantes no marco da violencia de trata e imprescindibles para adquirir a cosmovisión do seu innegable prisma estrutural.
- Os propios axentes manifestaron a falta de coordinación existente e a escasa sinerxía profesional entre os distintos ámbitos de traballo (Fiscalía, FFSS e ONG) e que é un elemento clave e imprescindible no tratamento unificado e homoxéneo na abordaxe de trata en Galicia. O papel da Administración pode ser alentador nesa dirección.

#### 11. Relativo ao resarcimento da vítima:

- As persoas vítimas que decidiron denunciar e afrontar todo o proceso penal co custo emocional e de seguridade que isto supón non tiveron unha reparación axeitada do dano causado nin dereito a un efectivo resarcimento económico por parte dos seus explotadores e que, sen dúbida, podería axudar no seu proceso de recuperación.

## DAFO - SISTEMA ANTI-TRATA GALEGO

### DEBILIDADES

- Colaboración das medidas antitrata desenvolvidas de forma diferencial no territorio galego. (Pontevedra a máis avanzada).
- Falta de concreción nos instrumentos legislativos aprobados (RExt) e protocolos (Fiscalía, 2012 e Protocolo marco, 2011).
- Formación especializada desigual e escasa.
- Ausencia de coordinación real FFSS/Fiscalía/ONG
- Proxectos sociais sen consolidación futura.

### AMEAZAS

- Crise económica: falta de medios / recursos económicos de aplicabilidade da normativa actual.
- Maior ocultamento das redes organizadas e informais.
- Falta de resolución xudicial exemplarizante nos casos de trata actuais.
- Ausencia de conciencia social (complicidade co clientelismo sexual e tolerancia coa explotación laboral e sexual).

### FORTALEZAS

- Competencia especializada das ONG galegas na atención/protección de vítimas de trata.
- Sensibilización e preocupación en unificar criterios nos protocolos informais de actuación por parte de Fiscalía e FFSS.
- Consolidación da actual Rede galega contra a trata.
- Vontade de establecer un traballo conxunto entre os axentes: FFSS/Fiscalía/ONG.

### OPORTUNIDADES

- Maior implicación do Goberno Español na loita contra a trata dende unha perspectiva de DDHH.
- Consolidación das redes nacionais contra a trata.
- Consolidación da cooperación internacional e creación de sinerxías de traballo comúns entre os países implicados no fenómeno en Galicia.
- Interese e colaboración dende os organismos internacionais na loita contra trata en Galicia.

**Fontes:** Recomendacións Amnistía Internacional non seu "Informe conxunto ou Comité de DESC", maio 2012. Recomendacións RECTP ou Protocolo marco de TSH 2011 e ou "Informe do Defensor do Pobo correspondente a 2011. (5.8 Víctimas de Trata de seres Humanos)" (Madrid, 2012), Traballo de campo das entrevistas desenvolvidas na actual investigación (Inspección de Traballo, FFSS, Fiscalía, ONG, vítimas).

### Recomendacións:

Fóronse incorporando ao longo da análise ofrecida no apartado anterior as recomendacións técnicas que ofreceron parte dos/ás entrevistados/ás así como algunhas referencias doutras fontes en concorrencia coas temáticas abordadas. A continuación ofrécese un resumo baseado nestas apreciacións recibidas no desenvolvemento do presente informe e que poderían ser as medidas prioritarias de acción percibidas ao longo do estudo contra a trata en Galicia.

- Involucrar outros sectores clave na posible identificación da persoa vítima de trata: creación dun protocolo sanitario para esta abordaxe.
- Dotar dun mellorado tratamento legal as persoas vítimas: Lei integral contra a trata con protocolos de actuación onde se definan claramente as actuacións e responsabilidades dos

axentes implicados e adiantar a liña de protección legal da vítima de explotación sexual para perseguilo de forma firme e previr con iso trata con esta finalidade.

- Maior colaboración-coordinación non só entre os distintos axentes implicados na loita contra, trata senón tamén entre os propios colectivos: ONG e forzas e corpos de seguridade, maiormente.

- Dotar de maior recursos as organizacións que atenden e asisten as vítimas, sobre todo, o concernente a persoas menores de idade.

- Combater e previr a vitimización: revitimización, victimización secundaria e polivitimización que produce a falta de eficacia nos mecanismos de protección á vítima (estigmatización unido á sospeita) sumada á vulneración persoal e a ausencia de compromiso institucional (sen garantías).

- Necesidade de crear un contexto favorable baseado nunha intervención social orientada a favorecer a autonomía e desenvolvemento das capacidades da persoa inmersa no proceso de violencia: trata e a explotación laboral e sexual.

- É conveniente un reforzamento da formación específica en materia de trata de persoas en xeral e en particular da trata de mulleres con fins de explotación sexual dirixidos aos funcionarios públicos (forzas e corpos de seguridade do Estado) e persoal competente na materia noutros estamentos.

- Inclusión das mulleres vítimas de trata identificadas en Galicia no marco de axudas das vítimas de violencia de xénero, en especial, ao referido aos plans de inserción sociolaboral efectiva.



## APARTADO 5: BIBLIOGRAFÍA

- Accem: La trata de personas con fines de explotación laboral. Un estudio de aproximación a la realidad en España. Accem, Madrid 2008.
- Amnistía Internacional: Una vida sin violencia para mujeres y niñas. Las otras víctimas de violencia de género: violencia sexual y trata de personas. España, 2009.
- Apramp: La trata con fines de explotación sexual. Madrid, 2011.
- CIMAS: Metodologías Participativas. Manual. Obra Colectiva, Madrid 2009.
- Consejería para la Igualdad y Bienestar Social. Instituto Andaluz de la Mujer: Estudio sobre las Mujeres víctimas de Trata con fines de Explotación Sexual en Andalucía, 2011.
- Defensor del Pueblo: La trata de seres humanos en España: Víctimas Invisibles. Madrid, 2012.
- Federación de Mujeres Progresistas: Trata de mujeres con fines de explotación sexual en España. Estudio Explotatorio. FMP, Madrid 2008.
- García Cuesta, Sara; López Sala, Ana María; Hernández corrochano Elena; Mena Martínez, Luis: Poblaciones-Mercancía: tráfico y trata de mujeres en España. Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad, 2011.
- García Vázquez, Sonia; Olalla Fernández, Patricia: La trata de seres humanos. Ed. Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2012.
- Giménez-Salinas Framis, Susaj Gentiana; Requena España, Laura: La dimensión laboral de la Trata de personas en España. Revista Electrónica de Cincia Penal y Criminología, 2009.
- Gobierno de Navarra: Informe sobre la explotación sexual y trata de mujeres en Navarra: situación y propuesta de intervención. Instituto Navarro para la Igualdad, 2011.
- Global Alliance against Trafficking in Women: "Collateral Damage: The Impact of Anti-trafficking Measures on Human Rights around the World", 2007.
- Grupo OBZ: Mapa de recursos para profesionais do ámbito xurídico. Traballando con persoas vítimas de trata e explotación sexual.
- Informe anual de la Inspección de Trabajo y Seguridad social 2011. Dirección General de la Inspección de Trabajo y Seguridad Social. Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Madrid, 2012.
- Konrad, H.: The Fight against trafficking in human beings from European perspective", en Cameron, S. y Newman, E (eds.). Trafficking in Human Social, cultural and political dimensions. New York, United Nations University Press, 2008.

- Malpani, R: Legal Aspects of Trafficking for Forced Labour Purposes in Europe. Working Paper ILO nº48, Geneva, April, 2006.
- Martín Pallín, J.A: Política común de la UE en materia de extranjería. En Extranjeros y Derecho Penal, Cuadernos de Derecho Judicial. Madrid, 2004.
- Martínez, Luz y Corral, Ana María: La Trata con fines de explotación sexual. Guía de formación para personal de la administración pública. Instituto de la Mujer, 2011.
- Fiscalía General del Estado. Memoria 2011. Centro de Estudios Jurídicos. Ministerio de Justicia. Madrid, 2012
- Fiscalía Superior de Galicia. Memoria 2011.
- Luhmann, Niklas: Sociología del Riesgo. Universidad Iberoamericana / Colección Teoría Social. México, 2006.
- Observatorio Cívico Independencia: Informe 2009. El tráfico y la trata de seres humanos con fines de explotación sexual en España.
- OIM – UN.GIFT – London School of Hygiene & Tropical Medicine: Guía para proveedores de Salud: Cuidados para la salud y la Trata de Personas. 2012.
- OMS: Recomendaciones éticas y de seguridad de la Oms para entrevistar a mujeres víctimas de la trata de personas. Escuela de Londres de Higiene y Salud Tropical, Programa Daphe de la Comisión Europea. 2003
- RECT (Red Española contra la Trata de Personas): Guía Básica para la Identificación, Derivación y Protección de las personas víctimas de trata con fines de Explotación. Madrid, 2008.
- Solé, Carlota; Cavalcanti, Leonardo; Parella, Sónia: La inmigración brasileña en la estructura socioeconómica de España. Ministerio de Trabajo e Inmigración, 2011.
- UNODC: The role of corruption in trafficking in persons, 2010.
- UNODC (Oficina de las Naciones Unidas contra la Droga y el Delito): Trata de personas hacia Europa con fines de explotación sexual. Informe 2009.
- UNODC (Oficina de las Naciones Unidas contra la Droga y el Delito): Issue Paper on Abuse of a Position of vulnerability and Other Means within the Definition of Trafficking in Persons, octubre de 2012.
- Zimmerman, C et al.: The Health Risks and consequences of Trafficking in Women and Adolescents: Findings from a European Study. London School of Hygiene and Tropical Medicine, London, 2003.
- UNODC (Oficina de las Naciones Unidas contra la Droga y el Delito): Marco Internacional de Acción para la aplicación del Protocolo contra la trata de personas. Nueva York, 2010.
- Xunta de Galicia (Fiscalía Superior Comunidad Autónoma de Galicia): Memoria del año 2010.

# APARTADO 6: ANEXOS 1,2 e 3

## Anexo 1: Dereitos humanos afectados por trata de persoa, de particular importancia para as mulleres e as nenas.

Dereitos humanos fundamentais afectados por trata de persoas	
DEREITO/OBRIGA	FONTE CONVENCIONAL
<b>Dereito á vida</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Declaración Universal de Dereitos Humanos, art. 3;</li> <li>• Pacto internacional de dereitos civís e políticos, art. 6;</li> <li>• Convención sobre os traballadores migratorios, art. 9;</li> <li>• Convención sobre os dereitos do neno, art. 6;</li> <li>• Convención sobre os dereitos das persoas con minusvalidez, art. 10;</li> <li>• Convenio europeo de dereitos humanos, art. 2;</li> <li>• Convención americana sobre dereitos humanos, art. 4;</li> <li>• Carta africana de dereitos humanos e dos pobos, art. 4.</li> </ul>
<b>Prohibición da discriminación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Declaración Universal de Dereitos Humanos, art. 2;</li> <li>• Pacto internacional de dereitos civís e políticos, arts. 2 1) y 26;</li> <li>• Convención sobre os dereitos do neno, art. 2;</li> <li>• Convención sobre os traballadores migratorios, art. 7;</li> <li>• Pacto Internacional de dereitos económicos, sociais e culturais, art. 2 2);</li> <li>• Convención sobre os dereitos das persoas con minusvalidez, art. 6;</li> <li>• Convenio europeo de dereitos humanos, art. 14;</li> <li>• Convención americana sobre dereitos humanos, art. 1 (inclúe a «situación económica»);</li> <li>• Carta africana de dereitos humanos e dos pobos, art. 2 (inclúe a «fortuna»).</li> <li>• Fonte distinta dun tratado: Declaración de El Cairo sobre os dereitos humanos no Islam, art. 1.</li> </ul>
<b>Dereito á liberdade e á seguridade da persoa</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Declaración Universal de Dereitos Humanos, art. 3;</li> <li>• Convención internacional sobre a eliminación de todas as formas de discriminación racial, art. 5 b);</li> <li>• Pacto internacional de dereitos civís e políticos, art. 9;</li> <li>• Convención sobre os traballadores migratorios, art. 16;</li> <li>• Convención sobre os dereitos das persoas con minusvalidez, art. 14;</li> <li>• Convenio europeo de dereitos humanos, art. 5;</li> <li>• Convención americana sobre dereitos humanos, art. 7;</li> <li>• Carta africana de dereitos humanos e dos pobos, art. 6.</li> </ul>

<b>Dereitos humanos fundamentais afectados por trata de persoas</b>	
<b>DEREITO/OBRIGA</b>	<b>FONTE CONVENCIONAL</b>
<b>Dereito de acceso á xustiza, igualdade ante os tribunais e a un xuízo imparcial</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Pacto internacional de dereitos civís e políticos, art. 14;</li> <li>• Convención Internacional sobre a eliminación de todas as formas de discriminación racial, art. 5 a);</li> <li>• Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, art. 15;</li> <li>• Convención sobre os traballadores migratorios, art. 18;</li> <li>• Convención sobre os dereitos das persoas con minusvalidez, arts. 12 y 13;</li> <li>• Convenio europeo de dereitos humanos, art. 6;</li> <li>• Convención americana sobre dereitos humanos, arts. 8 y 24;</li> <li>• Carta africana de dereitos humanos e dos pobos, art. 7;</li> <li>• Convención sobre os refuxiados, art. 16;</li> <li>• Protocolo sobre os dereitos da muller en África, art. 8.</li> <li>• Fonte distinta dun tratado: Declaración sobre os dereitos humanos dos individuos que non son nacionais do país en que viven, art. 5 c).</li> </ul>
<b>Dereito a non ser sometido a escravitude, servidume, traballos forzosos ou en condicións de escravitude/ servidume por débedas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Convención sobre a escravitude, 1926, art. 1;</li> <li>• Convención suplementaria sobre a abolición da escravitude, 1956, art. 1;</li> <li>• Convenio sobre o traballo forzoso, 1930 (Nº 29), arts. 1, 2 y 4;</li> <li>• Declaración Universal de Dereitos Humanos, art. 4;</li> <li>• Convenio sobre a abolición do traballo forzoso, 1957 (Nº 105), art. 1;</li> <li>• Pacto internacional de dereitos civís e políticos, art. 8;</li> <li>• Convención sobre os traballadores migratorios, art. 11;</li> <li>• Convenio europeo de dereitos humanos, art. 4;</li> <li>• Convención americana sobre dereitos humanos, art. 6;</li> <li>• Carta africana de dereitos humanos e dos pobos, art. 5;</li> <li>• Estatuto de Roma, art. 7 c) e g).</li> <li>• Fonte distinta dun tratado: Declaración de El Cairo sobre os dereitos humanos no Islam, art. 11.</li> </ul>
<b>Dereito a non ser sometido a escravitude nun conflito armado</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Protocolo adicional aos convenios de Xenebra do 12 de agosto de 1949 relativo á protección das vítimas dos conflitos armados sen carácter internacional (Protocolo II), art. 4;</li> <li>• Estatuto de Roma, art. 8 2) b) xxii) e e) vi).</li> </ul>



<b>Dereitos humanos fundamentais afectados por trata de persoas</b>	
<b>DEREITO/OBRIGA</b>	<b>FONTE CONVENCIONAL</b>
<b>Dereito a non ser sometido a torturas ou penas crueis, inhumanas ou degradantes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Declaración Universal de Dereitos Humanos, art. 5;</li> <li>• Pacto internacional de dereitos civís e políticos, art. 7;</li> <li>• Convención contra a tortura;</li> <li>• Convención sobre os Dereitos do neno, art. 37;</li> <li>• Convención sobre os traballadores migratorios, art. 10;</li> <li>• Convención sobre os dereitos das persoas con minusvalidez, art. 15;</li> <li>• Convenio europeo de dereitos humanos, art. 3;</li> <li>• Convención americana sobre dereitos humanos, art. 5;</li> <li>• Carta africana de dereitos humanos e dos pobos, art. 5;</li> <li>• Protocolo sobre os dereitos da muller en África, art. 4.</li> <li>• Fonte distinta dun tratado: declaración sobre os dereitos humanos dos individuos que non son nacionais do país en que viven, art. 6.</li> </ul>
